




UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA

# *A fala de Braño*

*Unha aproximación*



*Autor: Daniel Fonseca Martínez*

*Director: Manuel Ferreiro Fernández*

*Grao en Galego-Portugués: Estudos lingüísticos e literarios*

*Facultade de Filoloxía*

2020

## Índice

1.	Introdución .....	1
2.	Localización xeográfica e datos previstos .....	4
3.	Caracterización .....	7
3.1.	Trazos recollidos .....	7
3.2.	Trazos non recollidos.....	20
5.	Castelanismos .....	24
6.	Léxico e fraseoloxía .....	26
7.	Conclusións .....	28
8.	Bibliografía.....	29

## Resumo:

A variación dialectal do galego é unha fonte de información sobre a lingua moi útil para o seu estudo. Os falares das aldeas máis pequenas poden esconder os maiores tesouros coñecidos e por coñecer a respecto da lingua. Quer sexa pola presión do castelán, quer pola normalización e normativización da lingua galega, sobre todo a través do ensino, moitas das variedades dialectais están a perder algúns dos trazos que as individualizan dentro do espazo galaico. Este traballo realiza unha aproximación á variedade de galego que se fala no lugar de Braño, pertencente á parroquia de Carantoña no concello de Vimianzo, co obxectivo de deixar constancia na bibliografía dialectal galega da variedade falada neste lugar e así contribuír a acrecentar a información sobre esta materia. A estrutura do traballo segue, principalmente, a obra de Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, pois é esta, aínda hoxe, unha das referencias obrigadas no eido da dialectoloxía na nosa lingua. Dos trazos que se presentan, analízase a orixe botando man de traballos de historia da lingua galega e de gramáticas. Tamén se atende á delicada situación nos casos onde a sobrevivencia está en perigo, e contribuír deste xeito, a actualizar o coñecemento do seu estado. Para a caracterización da lingua procedeuse a gravar oralmente a diferentes habitantes do lugar e a posterior transcripción dos textos. Tamén se recolleu unha breve listaxe de palabras e expresións sentidas no lugar. Como resultado deste traballo, confírmase os datos que a bibliografía atribúe a esta zona, ubicada no bloque occidental, con algunha matización nalgún trazo; por outra banda, tamén se constata a progresiva desaparición dalgúns trazos xa considerados como menores hai tempo pola caída en desuso e a súa reducida área de acción. Tamén se verifica como algúns destes trazos van perdendo forza en cada nova xeración, ben sexa pola escolarización na variedade estándar do galego, ben pola influencia do castelán, sobre

todo nas xeracións máis novas, pois estas están moito máis expostas a esta lingua do que as xeración máis vellas.

## 1. Introducción

A lingua galega mantén aínda vivas moitas variacións dialectais que permiten aos estudosos coñecer máis a súa historia. As variacións dialectais no caso galego, aínda que non sexan variacións moi “definidas” ou “caracterizadas”, no sentido de seren incomprensíbeis, permiten coñecer diferentes estados históricos e solucións para determinadas formas. Falarmos de variedade supón falar non só de tipos de plurais ou paradigmas de demostrativos, por exemplo, senón tamén de léxico, que pode presentar nas súas diversas variantes formas moi antigas, algunhas quizais xa perdidas no tempo e na memoria dos falantes por mor da castelanización ou, tamén, polo propio proceso de estandarización da lingua galega.

Este traballo segue, dun xeito modesto, a esteira doutros que decidiron centrar a súa atención nun lugar determinado da nosa xeografía. Falamos de traballos que dentro da nosa lingua quixeron afondar nos ámbitos máis inmediatos desta, recollendo os falares das vellas aldeas, dos concellos, das parroquias ou dos lugares. Non faltan, por parte do autor, o desexo e a vontade de complementar nun futuro o presente traballo con outro de toponimia, en que fique máis evidente aínda a relación entre os galegos, o idioma e a terra, e mais outro contributo sobre os alcumes dos habitantes. Neste traballo vanse analizar gravacións orais de falantes de galego para determinar e caracterizar a fala dialectal do lugar de Braño, na costa occidental da Coruña. O obxectivo é contribuír na medida do posíbel a acrecentar o coñecemento dialectal da lingua galega, así como tamén colaborar na precisión e actualización de determinados trazos que, co paso do tempo, van desaparecendo entre a mocidade. Consciente das limitacións de espazo, este traballo pretende ofrecer, no posíbel, un anaco da nosa lingua para o lector máis e menos

experimentado na materia baixo a lente dun microscopio que permita ter unha idea da variedade de galego falada no lugar.

Para alén de trazos puramente gramaticais ou fonéticos, o presente traballo tamén pretende ofrecer un pequeno anexo con palabras e expresións sentidas na zona. Moitas delas serán talvez comúns a outras localidades e mesmo estarán recollidas na lexicografía oficial e na bibliografía pertinente. Porén, acho que é interesante achegar un breve repertorio léxico e fraseolóxico coa finalidade de asentar, e se for posíbel aumentar, o corpus de palabras e expresións na nosa lingua.

Todas as persoas seleccionadas para as gravacións orais son habitantes do lugar. Ficou fóra da selección xente que sendo de zonas veciñas, como Baíñas ou Camariñas, viven actualmente en Braño. O motivo desta “discriminación” é a de buscar a auténtica esencia do galego do lugar, sen interferencias doutras localidades, onde, por exemplo, os trazos poden ser moi diferentes nun radio xeográfico relativamente pequeno. Para ilustrar este feito, baste con indicar que en Baíñas, no mesmo concello, existe palatalización de -s en [ʃ], algo que non existe no lugar que analizo. A busca foi, por tanto, restrinxida a xente local, coa intención de conseguir os mellores exemplos de galego sen “influencias” doutras parroquias ou concellos como Camariñas. Son todos paleofalantes de galego. Os falantes máis novos están formados nunha educación onde o galego xa forma parte do *curriculum* escolar. Porén, os falantes de maior idade non tiveron formación escolar en galego, nalgúns casos mesmo en castelán a educación foi escasa ou moi tardía. Canto aos falantes adultos (35-50 anos), a educación tería sido en castelán practicamente, con algunha posíbel excepción da materia de lingua. As idades dos falantes foron seleccionadas considerando tres tramos de idade: infancia, madurez e vellez. Este criterio de escolla non é outro que verificar a vitalidade de determinados trazos, así como a evolución doutros, como a gheada ou o seseo. Deste xeito, as idades dos falantes varían

nun rango que abrangue desde crianzas de 6-7 anos, até xente de idade avanzada en torno aos 85, pasando por todo un rango de idades intermedias.

A metodoloxía seguida foi a de gravar oralmente os falantes, seleccionar e analizar os trazos, principalmente dialectais, mais tamén lingüísticos en xeral, logo de elaborar as correspondentes transcricións fonéticas. As gravacións foron feitas sen os avisar e en ámbito familiar (as que foron posibles), pois noutros intentos de obter os textos os falantes poñíanse nerviosos, producindo diálogos máis artificiosos. Con todo, algunha gravación só foi posible de maneira dialogada, dadas as circunstancias dadas dos falantes. Como resultado, nunha mesma gravación focada nun falante concreto poden intervir falantes secundarios, aínda que estes non foron recollidos nas transcricións. Porén, en ningún momento os diálogos son dirixidos no estrito sentido do termo. A única intervención pola nosa parte foi a de, por veces, convidar a falar dalgún tema concreto ou, como no caso dos dous irmáns, improvisar un diálogo entre eles. A duración das gravacións non son moi extensas, acadando tempos máximos duns tres minutos, mais tendo tamén un mínimo de un minuto. Este criterio responde a intención de conseguir un mínimo de conversación que permita extraer cantos máis trazos mellor.

Logo de determinar cada trazo, será realizada unha análise cos datos existentes proporcionados pola bibliografía pertinente para o trazo en cuestión. Ademais de analizar a sobrevivencia do trazo na actualidade onde for preciso, tamén se tenta proporcionar información complementaria desde a perspectiva histórica sobre o trazo analizado. A guía fundamental no relativo á caracterización dialectal foi a recompilación de trazos elaborada por Fernández Rei e recollida no libro *Dialectoloxía da lingua galega*, publicada no ano 1991. Ao ser eu, autor do traballo, natural da zona, para alén dos trazos recollidos nas gravacións, acrecento trazos de que teño constancia, aínda que non fosen recollidos nos textos dos falantes. A indicación dos fenómenos nos textos, para facilitar


a súa localización nas transcricións fonéticas, faise mediante o número de texto e o número de liña, de modo que 1.3 fai referencia ao primeiro texto e á terceira liña. Os textos, ademais, son acompañados cunha transcripción oral sen símbolos adicionais (só se marcan a gheada e o seseo), que pretende ofrecer un formato máis accesíbel para os comprender e interpretar.

Por último, despois de analizar os trazos tíranse unhas conclusións sobre o traballo elaborado e unhas consideracións sobre o estado e futuro da variedade estudada, así como outras consideracións que se consideraron pertinentes.

## 2. Localización xeográfica e datos previstos

Antes de entrarmos no traballo en si, compre coñecer o lugar onde nos situamos. A zona escolleita é o lugar de Braño, na parroquia de Carantoña, pertencente ao concello de Vimianzo, na provincia da Coruña. Vimianzo está rodeado polos concellos de Camariñas, Laxe, Muxía, Dumbría e Zas, na comarca da Terra de Soneira. É un dos concellos que forma parte da Costa Morte, e a única saída ao mar é a pequena praia de Sabadelle, no norte, moi próximo a Braño e a Camelle, xa no concello de Camariñas. Os habitantes de Braño son, na meirande parte, xente de avanzada idade que viviron toda a súa vida da agricultura e da gandaría, principalmente, ou da pesca en menor medida. Porén, sobre todo os homes, foron emigrantes en períodos intermitentes cos clásicos destinos da diáspora galega como Suíza ou América do Sur, aínda que tamén existen estadías de traballo en León ou Arabia. No ano 2018, a súa poboación, segundo datos do INE, era de 192 persoas (90 homes e 102 mulleres), a inmensa maioría xente de avanzada idade, polo que na data actual (finais de 2019-2020) é esperábel que a cifra sexa inferior. Existe unha maior porcentaxe de poboación feminina.





Unha vez localizado e caracterizado o concello, cómpre facer unha pequena pesquisa sobre os datos que se teñen sobre o galego falado pola zona, nun contexto o máis exacto posíbel. Como xa indiquei, o lugar de Braño está no concello de Vimianzo, na comarca da Terra de Soneira. Segundo os datos dados, a ubicación no modelo de tres bloques de Fernández Rei sería no bloque occidental. Fernández Rei (2003: 117) aínda proporciona áreas e subáreas, para delimitar máis a fenomenoloxía. Así, estaríamos na área fisterrá, e na subárea do Xallas (B-1). No Mapa Sonoro do Consello da Cultura existe unha gravación rexistrada en Camelle, no concello de Camariñas, por Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías. Esta gravación, con algunha diferenza, proporciona a aproximación máis fiel ao galego en Braño que aparece neste mapa (Gago s.d.)<sup>1</sup>.

Nun cadro xeral de caracterización, o bloque occidental presenta os seguintes trazos, referidos por Fernández Rei (1991:116-117) e por López & Lourenço & Moreda (2011: 81-82)

- Gheada

---

<sup>1</sup> Dispoñíbel en <http://mapasonoro.consellodacultura.gal/pezas/index/356/2>

- Seseo implosivo/explosivo
- Metafonía
- Influxo metafónico da consoante nasal trabante sobre /'ε /, /'ɔ/ tónicos
- Ditongos *oi/ui*
- Terminación *-án(s)* para ambos xéneros
- Plurais en *-ns*
- Pronome *ti*
- VT e en determinadas formas verbais
- Vogal o en determinadas formas verbais
- Formas verbais con *-n* na P1 singular
- MNP *-des* (maioritario), *-s*, *ndes* e *-is*
- Cheísmo e teísmo.

Para toda a área fisterrá espéranse os seguintes trazos:

- Seseo implosivo e explosivo
- Ditongo *ui/oi*
- Inestabilidade do /ʃ/, con despalatalización
- Palatalización do *-s*
- Aspiración do *-s* implosivo
- Cheísmo
- Acentuación non etimolóxica nas P1 e P2 do plural no copretérito, antepretérito e pospretérito
- MNP *-stes* na P2 plural
- P3 dos pretéritos en *-ron/-no(n)*.

Por último, para a subárea do Xallas recolle algúns trazos que a diferencian da subárea do Tambre-Barbanza, no sur.

- Ditongo *-ui-*
- VT i nas P3 de singular dos pretéritos da C2 e C3
- Alternancia entre *dicir/dicer/decir*

É de esperar, por tanto, que o galego de Braño entre dentro das características recollidas arriba. Como se verá máis adiante, algunha destas deberá ser matizada.

### 3. Caracterización

A seguir preséntanse os trazos que caracterizan en maior ou menor medida a fala de Braño. Divídense entre os trazos que son contrastábeis coas gravacións realizadas e aqueles trazos que, non se rexistrando, forman parte da fala do lugar.

#### 3.1. Trazos recollidos

##### 3.1.1. Gheada

A gheada<sup>2</sup>, típica de todo o bloque occidental, aínda goza de bastantes utentes entre a xente de Braño de todas as idades. Entre a xente de maior idade practicamente todos os falantes teñen gheada. Dentro das diferentes realizacións da gheada, a maioría da xente de Braño pronuncia [h], como en [ðihas] *dighas*, (2.21), [deskar'hamos] *descargamos* (4.11). Contrasta esta realización con aquela da veciña Camariñas, onde a realización é xa un /x/ similar ao fonema fricativo velar xordo castelán, como ben indica Fernández Rei (2003: 164): “especialmente en falas próximas á costa, no canto de fricativa faringal (ou glotal) característica da gheada, pode rexistrarse unha realización semellante á do [x] castelán [...]”. Porén, é necesario salienta tamén que a gheada con [x] aumenta, aínda que non sempre, canto máis baixa é a idade. Entendo que esta asimilación co [x] castelán responde a un maior contacto das crianzas co castelán hoxe en día. Con todo, aínda hai rapaces e rapazas que manteñen en Braño a gheada “tradicional”, como se pode ver en [aʃ ha'liɲæs] *as ghaliñas* (3.3) e [ta'mẽɲ me 'huʃta 'mujto] *tamén me ghusta muito* (3.11), onde os falantes teñen 6 e 11 anos.

---

<sup>2</sup> Para máis información sobre a gheada véxanse fundamentalmente os seguintes estudos: Pensado & Pensado Ruiz(1983), Fernández Rei (1999) e Freixeiro Mato (2006b: 142-158).

Asociado coa gheada está a pronuncia do grupo -ng- como [nk]. Para alén de estar presente nalgúns castelanismos, como *sancre*, encontramos esta realización en todos os tramos de idade en palabras como *ninguén* /ninken/ ou *lingua* /linkua/. Porén, non aparece rexistrada nos textos.

Sobre a orixe deste fenómeno tense discutido moito sen ter chegado a conclusións claras. Parece desbotada por completo, iso si, a teoría que asocia o fenómeno a un substrato prerromano, quizais céltico, e baseado dun modo ou outro, na maior ou menor presenza de castros nas zonas onde se dá a gheada. Foi defendida por autores como Zamora Vicente ou Fernández González. Freixeiro Mato (2006: 151) desbota esta tese, entre outros factores, porque

tendo en conta que os primeiros testemuños de gheada parecen corresponder á segunda metade do século XVII ou mesmo do XVIII<sup>5\*</sup>, non resulta estraño que esta tese estea hoxe totalmente desacreditada, pois nada podería xustificar que un fenómeno lingüístico de carácter fonético que se produce por influencia dunha lingua primitiva hai centos e centos de anos tarde tanto tempo en se manifestar.

A solución á orixe parece ficar, entón, entre as dúas restantes teorías: a autonomista (ou estruturalista) e a castelanista. A tese autonomista, con autores como Fernández Rei a defendela, afirma que a gheada é unha evolución que se deu dentro do propio sistema fonolóxico galego:

A explicación da orixe da gheada hai que buscala no sistema fonético (e fonolóxico) da lingua galega. O fenómeno da fricativización e posterior aspiración do *g* debe poñerse en relación coa sonorización do *c* /*k*/ latino en *g* /*g*/ e coa simplificación das consoantes xeminadas do latín clásico. A gheada parece que non é senón un dos moitos cambios en cadea que se deron na evolución do latín ó galego (Fernández Rei 2003: 186).

E sobre o grupo *ng* → *nk*, o mesmo autor explica que

Santamarina (1980a: 248-249) conclúe a súa explicación afirmando que o cambio que se observa en formas como *dominco* ou *lonco*, verbo de *domingo* ou *longo*, é boa proba de que a explicación da gheada non hai que buscala en interferencias co castelán (Fernández Rei 2003: 184).

A tese castelanista, defendida historicamente por Pensado (Fernández Rei, 1991:182) e actualizada por, entre outros, o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato, avoga por unha influencia do castelán na forma de falar dos galegos. Un dos argumentos de maior peso

que este autor expón, mesmo coa concordancia de autores da tese interna, é a ausencia de gheada no portugués.

Á parte desta consideración de carácter xeral, a razón principal a favor da tese castelanista é a ausencia total de gheada en portugués, comportándose a fronteira política como fronteira do fenómeno lingüístico da gheada, feito sen precedentes tanto noutras fronteiras políticas cando as mudanzas se producen de forma natural, como na fronteira do galego co portugués, onde todos os demais fenómenos, incluídas as sibilantes sonoras, achan algún tipo de continuación; practicamente non saberíamos citar ningún fenómeno lingüístico que morra totalmente na fronteira do Miño, senón que dunha forma ou doutra todos están presentes a ambas as marxes do río, curiosamente excepto un tan importante como a gheada (Freixeiro Mato 2006: 154).

Para alén disto, este autor asocia a gheada coa gueada e a presenza desta última en territorio lusitano:

Se a gueada (*Anguele, Arangüés, aguares* ou *relixiión*) é o procedemento seguido en Portugal e na Galiza para adaptar o fonema castelán /x/ e se este fenómeno suscita entre nós burlas por existiren xa moitas persoas con dominio correcto da lingua oficial, cousa que non sucede en Portugal, entre outras razóns, por o período de monarquía dual baixo a hexemonía de Castela durar só sesenta anos (1580-1640), isto explica que os galegos sentisen unha necesidade cada vez maior de aprenderen a pronuncia /x/ do castelán e que por incorrecta xeneralización desta a casos de /g/ se orixinase a gheada, en canto os portugueses, libres da influencia castelá e mesmo con acentuado sentimento anticastelanista após a recuperación da súa independencia política, non sentisen tal necesidade, senón máis ben todo o contrario, e por tanto non se xerara a gheada. Cara a fins do XVII, cando parecen comezar os primeiros testemuños documentais, aínda que dubidosos para Pensado, de gheada en galego, o castelán xa fora desterrado de Portugal como lingua de poder, freando de paso o avance do bilingüismo diglósico, se é que realmente o foi na mesma medida do que na Galiza, e por tanto non pode exercer a influencia que cada vez máis ten entre nós, o que nos fai pensar que se a Galiza alcanzase a independencia de Castela nesa mesma altura tampouco no galego existiría a gheada (Freixeiro Mato 2006: 155-156).

Non é o obxecto deste traballo tratar a cuestión, mais fican expostas, embora sinteticamente, as posicións fundamentais sobre un fenómeno dialectal de transcendencia na nosa lingua.

### 3.1.2. Seseo, despalatalización e aspiración de -s

O seseo consiste na inexistencia do fonema fricativo interdental xordo /θ/ e, no seu lugar, a pronuncia como fricativa predorsodental xordo [s] ou apicoalveolar xordo [s̺]. Este trazo é un dos máis recoñecíbeis e “coñecidos” dos falantes da Costa da Morte. O seseo recollido nas gravacións mostra un



Ribeira, aínda que esporadicamente o *s* pode converterse en predorsointerdental e mesmo interdentalizarse, en canto /ʃ/ pode sufrir unha despalatalización que o converta en *s* apical ou mesmo en ocasións predorsodental.

Segundo a clasificación dos subsistemas seseantes de Freixeiro Mato (2006a: 168), o seseo da zona estaría no subsistema 5, ou *despalatalizador*. Pois este

caracterízase pola despalatalización de /ʃ/, substituído polo fricativo apicolaveolar xordo /s/, e pola existencia de seseo predorsal, de forma que está constituído polos seguintes fonemas: /s/ fricativo predorsodental xordo, /s/ fricativo apicoalveolar xordo e /tʃ/ africado palatal xordo. En posición prenuclear poden aparecer todos e en posición posnuclear só o arquifonema fricativo resultante da neutralización de /s/ e /s/, realizándose como apical ou palatal cando vai ante pausa (dez ['des] ou ['dej]) e como apicoalveolar nos demais casos, xordo ou sonoro segundo a consoante seguinte. Nalgúns falantes de diferentes puntos deste subsistema dáse unha realización do fonema fricativo apicoalveolar xordo /s^/ consistente nunha lixeira palatalización, intermedia entre [s] e [ʃ], de forma que se aproxima ben dun [ʃ] semidespalatalizado ou dun [ʃ] semipalatalizado, que representaremos por [si]: fuxir [fu'sJir]; en posición implosiva ante pausa o arquifonema pode realizarse máis ou menos palatalizado segundo os falantes: luz ['lus], ['lusJ] ou ['luj].

No tocante á orixe deste fenómeno, Freixeiro Mato (2006a: 162) apunta que ao contrario do que acontece coa gheada, que para el é “de difícil explicación interna a partir do sistema fonético do galego-portugués medieval e da realidade do portugués actual”, o seseo tería unha doada explicación pola confluencia dos fonemas sibilantes medievais, facilmente contrastada pola súa presenza xeneralizada no portugués. Por tanto, para este autor,

pódese afirmar, en consecuencia, que o seseo, presente na Galiza e en Portugal, representa a continuidade do sistema galego-portugués primitivo, mentres o paso de *s* a /0/ que se produce no galego común supón unha innovación no sistema fonolóxico do galego que nos afasta máis foneticamente do portugués e nos aproxima do castelán (Freixeiro Mato 2006a: 162).

Por último, detéctase tamén a aspiración do -s posnuclear ou implosivo, se ben non é este un trazo que se dea de xeito sistemático. Fernández Rei (1991: 214) tamén sitúa este trazo no occidente da Coruña, onde xa dá conta da natureza esporádica do mesmo. Nos textos temos, por exemplo, [kah re'βuʃto] *cas Rebusto* (3.16). Ferreiro (1999: 124) tamén proporciona a mesma información ao referir que “en áreas de seseo predorsal, pode perceberse esporadicamente aspiración de -s no Occidente coruñés [...]”.

Canto á súa sobrevivencia, “o seseo é tamén, igual que a gheada, un fenómeno en regresión, como xa sinalara hai certo tempo Zamora Vicente e como constatan os

investigadores actuais” (Freixeiro Mato 2006a: 169). Con todo, estando nun lugar aínda bastante “afastado” da liña de regresión, parece que ambos fenómenos teñen asegurada a súa transmisión, polo menos, nun par de xeracións.

### 3.1.3. Cheísmo

Fernández Rei (1991: 76) dá conta da particularidade cheísta do occidente coruñés. Como ben indica o autor, este uso do *che* non se estende ás formas reflexivas, onde se usa a forma *te*. Podemos ver exemplos de cheísmo en [ˈkomo ˈlo ˈðihas ˈmatofje] *como llo digas mátoche/mátote* (2.16-17). Ferreiro (1999: 249) tamén dá conta da particularidade do occidente galego neste trazo, agás en dous pequenos territorios ao apuntar que, no mapa galego, en xeral, deuse a distinción entre *te* e *che* para diferenciar o CI e o CD agás en dous territorios: “o occidente coruñés cheísta (forma *che* para C.D e C.I., mantendo *te* como reflexivo), e dúas illas no sul de Pontevedra e mais no galego exterior, onde existe ‘teísmo’ (forma *te* para C.D e C.I)”.

### 3.1.4. Palatalización de /a/

A palatalización de *a* átono é un trazo que Fernández Rei (1991: 118) usa para diferenciar a subárea do Xallas e a do Tambre-Barbanza. É un trazo que aínda ten, como reflicten os textos, vitalidade na xente de idade máis avanzada. Trátase dunha palatalización propia da zona costeira da Coruña, que tamén se pode dar “sen que haxa un *i*” (Fernández Rei 1999: 40). Nos textos analizados temos exemplos abundantes como [ˈβakæɣ] *vacas* (2.1), ou [ˈblãnkæ] *blanca* (1.4). Sobre este fenómeno, Freixeiro Mato (2006: 108) e Ferreiro (1999: 48) tamén o sitúan no occidente coruñés (para alén de existir, noutros lugares). O primeiro cando afirma que “a palatalización ante /i/ é especialmente frecuente na zona costeira do occidente da Coruña (*partir* [pærˈtir], *camiño* [kæˈmijo]),”; o segundo ao manter que



o proceso de palatalización de [á] tónico en certos territorios (cfr. §3c) afecta tamén a esta vogal en posición átona (mesmo sen a presenza dun i tónico que favorece a harmonización vocálica en todo o territorio galego, vid. §126c.5), especialmente en Hermisende, na costa occidental coruñesa e no sudeste de Lugo e nordeste de Ourense (Ferreiro (1999: 48).

### 3.1.5. Terminacións de ANUM, ANAM, ANOS, ANAS e plurais

Para alén das formas do paradigma de *o irmán/a irmán*, que evoluciona das terminacións latinas -ANUM, -ANAM, e seus plurais característicos do occidente coruñés en -ns, rexístranse outras formas en -án para palabras derivadas da terminación latina -ANAM, como [ma'ʒãŋʒ] *mazá(n)* (1.16) ou [mæ'ɲãŋ] *mañán* (3.1), que noutras zonas desembocan en *mazá* e *mañá*. De acordo con Fernández Rei (1991: 59) estes resultados para as terminacións latinas en cuestión corresponden co sistema que el denomina B, característico do occidente coruñés, ademais de gran parte de Pontevedra.

Os plurais na zona rematan: en -ns nas palabras rematadas en -n (*mañán-mañáns*); en -s nas rematadas en vogal, como *ghaliña-ghaliñas*; e, por último, o plural en -les, en palabras rematadas en -l, como *animal-animales*. Nos textos recóllense exemplos como [ˈdowʒ punˈtales] *dous puntales* (4.18). Sobre este último plural, Fernández Rei (1991: 65) refire que “máis que un castelanismo morfolóxico, ben pode deberse a unha evolución xerada polo propio galego”, pondo como exemplo algúns casos ocorridos no portugués, onde a influencia do castelán non pode explicar este fenómeno. Tamén apunta este autor que algúns falantes do occidente coruñés poden relaxar moito o *e*, chegando a realizar \**animals*, co grupo -ls, en posición final, fonotacticamente estraño no galego. Este fenómeno acontece no lugar analizado. A respecto deste plural en -les, Ferreiro (1999: 240) engade que

loxicamente, na rexión galego-asturiana en que conserva o -L- intervocálico latino, as terminacións plurais (dialectais) son -ales, -eles, -iles, -ales e -oles (vid. §71a), que tamén se rexistran no resto do territorio galego por interferencia morfolóxica do español, aínda que tamén neste caso se intenta xustificar esta innovación desde o propio galego como unha extensión analóxica de -es a partir doutros plurais, especialmente dos monosílabos en -l.

Finalmente, nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* tamén se fan eco desta solución sospeitosa de ser unha influencia do castelán. Neste caso refírense que

é o resultado dunha recuperación do l a partir do singular, seguindo o modelo de 11.2 e dos monosílabos rematados en -l; como apoio á tese da recuperación dentro do galego, cómpre lembrar que no norte de Portugal existe tamén este sistema de formación do plural. Con todo, non podemos descartar a hipótese do castelanismo, que, cando menos, explicaría o enorme éxito que tivo nos últimos tempos, ata facer recuar as outras formacións (RAG/ILG 2012: 75).

### 3.1.6. Demostrativos

O paradigma para os demostrativos é o que corresponde co esquema denominado A por Fernández Rei, o de maior extensión no territorio galego, mentres que Ferreiro o denomina *sistema antigo*. Así, acompañando a *aquelo*, os falantes utilizan tamén *esto* e *eso*, na forma invariábel do demostrativo. Nos textos aparece, por exemplo, [ˈeʃo ʃi ke ε traβaˈlaɾ] *eso si que é traballar* (4.14). Á súa vez, para o masculino as formas son as rematadas en -e (*este, ese, aquel*) con esporádica aspiración do -s (*eseh*). No esquema recollido nas *Normas* da RAG/ILG (2012: 93) corresponde ao grupo *a*, o cal, apuntan, foi mirado con reticencia por coincidiren as formas invariábeis con aquelas do castelán.

### 3.1.7. Ditongo -ui- e o adverbio *de(s)pos* ~ *de(s)puis*

Como era de esperar, nesta zona o ditongo usado constantemente como solución aos grupos latinos -ULT-, -UCT-, -OCT- e -ORI-, é -ui-: [fuj] *fui* (1.4) e [muɣto] *muito* (2.28). De feito, esta solución é un dos trazos que Fernández Rei usa para delimitar a sub-área do Xallas daquelas outras subáreas fisterrás como a do Tambre- Barbanza.

O adverbio *despois* merece atención, á parte, pois malia ter o ditongo -oi-, pode variar a súa pronuncia. Así, podemos observar unha vacilación, cando menos, ente catro formas, aínda que non todas rexistradas: *despós, de(h)pós, depois* e *de(h)puis*. Repárese en que en *de(h)puis* e *de(h)pós* pode existir unha aspiración do -s, aínda que non é frecuente nin tampouco sistemático. O mesmo falante pode articular alternativamente estas formas. Con todo, a forma máis escoitada é *despós*. Isto tamén se aplica a *pois*, que pode aparecer

como *pois* ou *pos*, sendo estas practicamente inexistentes con aspiración. Ferreiro (1999: 356) explica a variación que se dá no adverbio cando apunta que

a orixe da forma común despois está en PÔST, coa aglutinación de dúas preposicións: DE+Ex:+PÔST. Así se explican outras variantes como a medieval (e actual portuguesa) despois «DE+PÔST) ou a dialectal dempois «DE+IN+PÔST). O ditongo final xeral en galego (cfr. as formas dial. despós, dempós, tamén existentes na lingua medieval) ten a súa orixe na analoxía con outros adverbios acabados en ditongo, como máis.

### 3.1.8. *Von* (vou) – *ton* (estou), futuros e pretéritos

Fernández Rei (1991: 87) dá conta de formas como *don* (dou), (*es*)*tón* (estou), ou *von* (vou) como propias das terras de Fisterra, Muxía, Camariñas etc. Na zona de Braño son estas as únicas formas usadas para as P1 do presente de indicativo dos verbos *dar*, *estar* e *ir*, respectivamente. Do mesmo xeito, para outros tempos verbais, como o futuro e o pretérito, tamén se rexistran formas acrecentadas con *-n* na P1 como *cantarein* ou *cantein*. Fernández Rei (1991: 81) ubica esta extensión de *-n* en puntos illados do occidente da Coruña, así como nunha faixa oriental que percorre Galiza de norte a sur. Así, temos formas como [ˈbõŋlo diˈsiri] *vonllo* (2.17) e [nõŋ t̪e βõŋ] *non che von* (1.2). Ferreiro (1999: 329) apunta que estas formas son froito de analoxía coa forma verbal *son* da P1 do presente de indicativo de *ser*.

### 3.1.9. Acento non etimolóxico e terminación de P4 de copretérito en *-nos*

O galego en Braño sufriu un deslucamento acentual nas formas de Copretérito da P4 e P5 (*cantábam*) e do Antepretérito (*cantáram*), algo que Fernández Rei refire como propio do occidente da Coruña, entre outras zonas. É o que Ferreiro (1999: 215) denomina “adiantamento do acento ou sístole”, de modo que o vocábulo, inicialmente paroxítono, convértese en proparoxítono. Este desprazamento é extensíbel a outros tempos, non recollidos nas gravacións, como os que indica Ferreiro (1999: 216), que serían o Pospretérito de Indicativo, e o Pretérito de Subxuntivo.

Para alén deste desprazamento, Fernández Rei aínda refire que nas zonas onde se dá este trazo é posíbel encontrarmos unha terminación en *-nos* para a P4 no canto de *-mos*. Trátase de formas xeograficamente moi reducidas, só testemuñadas no occidente coruñés e no suroeste de Pontevedra. Deste modo, os falantes de Braño realizan *-nos* con maior frecuencia canto máis avanzada a idade. Nos textos, podemos ver [ˈtaβanos] [es]tábanos (1.8). Sobre esta forma Ferreiro (1999: 290) tamén afirma que

na zona de acentuación analóxica pode aparecer *-nos* como SNP en lugar do etimolóxico *-mos*, concretamente no occidente coruñés e nalgunha fala do sudoeste pontevedrés (ibid., p. 89). Este trazo dialectal está tamén rexistrado en Portugal nalgunhas falas miñotas

É de esperar que este trazo acabe desaparecendo co paso dos anos.

#### 3.1.10. Posesivos *mou/tou/sou* [meu, teu, seu]

Este paradigma nos posesivos ten moita vitalidade aínda en Braño e tamén nas zonas próximas. É un paradigma que se usa cando o posesivo actúa como adxectivo, acompañando ao substantivo, como refire [mow pæj] *mou pai* (2.4). Porén, cando o posesivo actúa como un pronome as formas usadas son sempre *meu, teu, seu* (o *meu*, por exemplo). A respecto destas formas, Ferreiro (1999: 263) refire que “na lingua medieval existiu tamén unha variante minoritaria *mou*, analóxica coas formas etimolóxicas *tou e sou* de segunda e terceira persoa”. O mesmo autor afirma que as formas *tou e sou*, etimolóxicas, existen aínda en puntos dos bloques oriental e occidental. Fernández Rei (1991: 73-74) tamén dá conta da presenza deste paradigma cos arcaicos *tou, sou* e a analóxica *mou* no occidente coruñés. Á súa vez, é interesante destacar como Mariño Paz (1999: 133) refire a retirada destas formas ás áreas actuais xa na fin do século XIII. Pola súa parte, Pensado (1983: 187) afirma que

[la] posibilidad del proceso analógico depende de la duración de las formas etimológicas que pueden originarlo y éstas (*meu, tou, sou*) coexisten con las analógicas (*meu, teu, seu*) hasta muy tarde, mediados del siglo xiv en el gallego occidental y en el oriental (favorecido por resultados idénticos del leonés vecino) no sería extraño durasen aun más tiempo. Lo mismo ocurre en el norte de Portugal, en donde perdurarán hasta nuestros días.

### 3.1.11. *Tar* (estar)

É sistemático o uso da forma reducida *tar* no lugar da forma plena *estar*, en todos os tempos verbais, con todas as particularidades dialectais da zona (como *tarein* ou *ton* xa analizadas en 4.1.8). Trátase, como indica Ferreiro (1999: 204), dunha aférese, a perda dun elemento inicial na palabra. É unha forma propia do occidente coruñés, para alén de estar presente en varias zonas da xeografía galega. Para o pretérito, séguese coa aférese no verbo, mais neste caso recórrase ao radical castelán *(es)tuv-*, como indica Fernández Rei (1991: 95), sendo este último o máis común no galego moderno.

### 3.1.12. *Dou* (deu)

Rexístrase tamén nesta zona o uso da forma *dou* no lugar da normativa, etimolóxica, e maioritaria, *deu*. RAG/ILG (2012: 134) explica a súa formación como unha forma analóxica cos verbos rematados en *-ar* (mandar-mandou; dar-dou). Ferreiro (1999: 326) tamén explica esta forma polo mesmo motivo, acrescentando información sobre a súa presenza na lingua xa en tempos antigos. Encontramos esta forma en [pero a'keɫ nõŋ ɫe dow] *pero aquel non lle dou* (1.24).

### 3.1.13. Terminacións *-s* e *-des* (presente) e *-stes* (pretérito)

Os plurais de segunda persoa do presente de indicativo teñen dúas solucións. Por unha banda está a forma *-des*. Esta é usada de xeito xeral por xente de menor idade. Formas como *sabedes*, *colledes* ou *amades* serán as usadas polas xeracións máis novas para se dirixir á xente en xeral. Porén, aínda se deixan sentir bastante as formas con desaparición de *-d-* secundario e posterior crase. Formas como *sabés*, *collés* ou *amás* son usadas polas xeracións máis vellas. Existe, pois, unha certa concorrencia entre ambas solucións, aínda que o tramo de idade parece ser a liña divisoria entre os usos, con algunhas excepcións. Canto ao fenómeno propiamente, Fernández Rei (1991: 90)

adscríbeo como “propio do occidente da Coruña [...]”. Para a forma *sodes* o que se escoita é *sondes* ou *sodes*; para *tedes* o xeral é *tendes*.

Na segunda persoa de pretérito o que predomina é a desinencia *-stes*. Esta forma é común na “maioría do territorio galego” (Fernández Rei 1991: 90) para o plural da segunda persoa. En Braño tamén é así. Cómpre mencionar tamén que se dá un sincretismo entre a forma de plural e a de singular, resultando a mesma solución para ambas as persoas. Así, Fernández Rei (2013: 7) corrobora que “en falas occidentais, especialmente fisterrás, [...] existe sincretismo entre P2 e P5 de perfecto (*ti e vós cantastes*, e mesmo *ti e vós cantaches*) [...]”.

#### 3.1.14. *Faseremos, desiremos*

Son frecuentes as formas, minoritarias no galego en xeral, *facere* e *dicirei*. Estas solucións son aínda sentidas en Braño, embora a escolarización en galego das crianzas, e a xente que xa foi educada coa materia de galego, tende a nivelar estas formas coas xerais en galego normativo. A falante de 1.5 refire [ke faʒe'remos] *que faseremos*. Con todo,

dicirei, diciría (como facerei, facería), son, polos datos que fornece a dialectoloxía actual (cf. ALGa 1, mapas 238, 266), formas analóxicas e innovadoras que parecen ir xurdindo espontaneamente por todo o territorio, sen se constituíren en trazos característicos da fala de comarcas ou zonas concretas (Mariño Paz, 2003: 230).

#### 3.1.15. *Comprouo (comprouno)*

As formas do pronome átono de terceira persoa con función de complemento directo *o(s)*, *a(s)* son un trazo que Ferreiro (1999: 251) referencia como formas primitivas no galego que teñen aínda algunha mostra no galego oriental, na Limia Baixa, sur de Pontevedra, e, por suposto, no occidente coruñés, como tamén indicara Fernández Rei (1991: 78-79). Con todo, estas formas non son as únicas. Deste xeito, podemos escoitar tanto *cantouo* como *cantouno*. O factor máis determinante para unha ou outra solución parece ser a idade, sendo a forma antiga máis común na xente máis vella e a solución

normativa nas crianzas máis novas. Temos nos textos, por exemplo, [ɛ lã̃m'biwa] e *lambiua* (1.6) ou [ɛ mã̃n'dowo 'owtra βɛ̃ʂ] e *mandouo outra ves* (2.6).

#### 3.1.16. Infinitivo flexionado

Aínda que non é un trazo dialectal como tal, cómpre destacar o uso do infinitivo con desinencias, pois é un trazo propio e característico da nosa lingua que esmorece coas novas xeracións. Nas gravacións rexístrase só na falante de maior idade. Porén, tamén en xente adulta en torno aos 35-50 é habitual aínda, embora non sexa empregado en todos os casos recomendados ou obrigatorios. No caso que nos ocupa, rexístrase (*por teren santo palique*) en 1.30. Nas novas xeracións, malia seren educados con este trazo na escola, é moi raro de escoitar. O futuro deste trazo parece ser incerto, inclinándose a desaparecer.

#### 3.1.17. Ven (veu)-vir

Recollido con exemplos como [ɛ 'uŋa βɛs bẽ̃ŋ a 'mɛ ðia 'tarde pa 'kasæ] e *unha ves vén a media tarde pa' casa* (2.1). Esta forma é un pretérito da terceira persoa de singular, que contrasta coa forma estándar *veu*. Trátase, segundo recolle Ferreiro (1999: 348) dunha forma dialectal que é “resultado fonético regular de VENIT”. Fernández Rei (1991: 103) tamén o recolle como propio do occidente coruñés.

#### 3.1.18. Colliu / partiu

As *Normas* da RAG/ILG (2012: 108) enuncian a variedade que existe en formas como *colleu* e *partiu*. Deste xeito, a metade NO de Galicia harmoniza as conxugacións 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> na terceira persoa dos perfectos fracos. Ás veces sobre a 2<sup>a</sup> (*varriu* = *partiu*) e outras sobre a 3<sup>a</sup> (*parteu* = *varreu*). Tamén Ferreiro (1999: 296) explica o mesmo ao indicar que “na desinencia da P3 existen dialectalmente neutralizacións entre os verbos de segunda e terceira conxugación, xa en favor da segunda (*debeu*, dial. *parteu*), xa en favor da terceira (*partiu*, dial. *debiu*)”. O resto de Galiza mantén, polo xeral, as solución etimolóxicas dos

dous paradigmas: *varreu/partiu*. No caso que nos ocupa, a preferencia é a de harmonizar todo na 3ª conxugación. Así, o que se dá son casos como *colliu* (fronte a *colleu*) e *morriu* (fronte a *morreu*), harmonizadas con *partiu* ou *subiu*. Existe tamén, algún falante que usa formas acabadas en hiato (-*io*), propio de localidades do occidente “da Coruña (de Malpica a Camariñas)” (Fernández Rei 1991: 88), onde aparecen, tanto para terceira como para segunda conxugación, formas como *collío*, ou *partío*.

### 3.1.19 Conxunción copulativa *e*

Ao contrario do que acontece nalgúns puntos da xeografía galega, a conxunción *e* é, polo xeral, sempre aberta. Noutros puntos da Galiza ás veces escoitase *i*. É moi raro escoitar esta forma en Braño. Freixeiro Mato (2006a: 204) apunta que “no occidente da Coruña e de Pontevedra realízase comunmente como [ε], tanto perante consoante como perante vogal”.

## 3.2. Trazos non recollidos

Neste subcapítulo referiremos algúns trazos que, non estando presentes nas gravacións, forman parte da caracterización do lugar. As causas para non apareceren son diversas (timidez do falante, non ser unha conversa que o propicie etc). Ante a dúbida que se presentou para incluír un trazo ou non, por non ter pleno coñecemento da súa presenza, a solución foi non recollelo. Deste xeito, todo o que aparece a seguir son trazos en que o lector “debe” confiar no autor do traballo para a inclusión do recollido como parte da fala estudada.

### 3.2.1. Pretéritos en -*ano*, -*eno*, -*ono* -*ino*

Non ficou rexistrado neste traballo, mais si que teño coñecemento persoal da sobrevivencia deste trazo nalgúns falantes. Porén, seguindo a tendencia que xa tiña, é un trazo que se viu moi reducido a persoas de idade avanzada, e ademais, o seu uso non é sistemático, sendo moi esporádico. Sen ir máis lonxe, a falante do texto 1 emprega este



trazo nunha ocasión de conversa persoal ao referir que as patacas “*fono* mui boas este ano”. Non se detectou en xente nova, e menos aínda en falantes infantés, polo que é de esperar que nuns poucos anos este trazo desapareza cos falantes máis vellos, polo menos, no lugar de Braño. Ferreiro (1991: 296) confirma o trazo cando apunta que

[n]o occidente coruñés e en puntos illados da Galiza, a p6 presenta unha desinencia -no (dial. amano, debeno, partino) procedente dunha probábel asimilación consonántica regresiva e posterior disimilación (amaron>amanon>amano).

Pola súa parte, Fernández Rei (1991: 90-91) sitúa o trazo como propio “hoxe do occidente coruñés (en Xaviña—Camariñas, -non) e puntos esporádicos de Pontevedra (Morrazo, A Lama, Mos...). En puntos illados lucenses e pontevedreses de -ron existe a forma *fono* (de ir, ser)”. Polo tanto, é esperábel que este trazo tivese antano unha extensión maior, mais actualmente viu reducida a súa área até practicamente puntos costeiros. Como dato interesante, este trazo aparece reflectido nalgúns poemas de Eduardo Pondal, natural de Ponteceso, pois en Bergantiños rexístrase con frecuencia.

### 3.2.2. *Vais / vas e fais / fas*

Tampouco ficou rexistrado o fenómeno polo cal os falantes adoitan realizar as formas verbais do presente de indicativo dos verbos *ir* e *facer* da segunda persoa do singular como *vais* e *fais*. Fernández Rei (1991: 96) recolle que en “falas occidentais da Coruña (de Malpica a Camariñas) na P2 do IPr. Rexístrase faes-fais-fas”. Así, é doado atopar en Braño falantes de calquera tramo de idade (máis frecuente canto maior é o falante) que digan *que fais?* Con todo, no caso concreto de *facer* non aparece a forma *faer* que Ferreiro (1999: 330) apunta cando explica que “é significativo que *faer* apareza en áreas en que a P2 do Presente de Indicativo é *faes-fais* ao lado de *fas*”; no seu lugar aparece *faser*, con seseo. Xunto con estas formas tamén se dá *trais* (de *traer*) e *cais* (de *caer*).

### 3.2.3. *Troughe* (traer)

O tema de pretérito do verbo *traer* presenta a forma a *trough(-en, -estes, -o)* xunto con *troux-*. Ferreiro (1999: 345) indica sobre este trazo de *traer* que “a forma do Pretérito e dos tempos afíns esixe unha base \*TRAXUI (en lugar do clásico TRAXI), que explica o medieval *trouxe* (tamén *trougue* < \*TRACUI, e *trouve*, por analogía con *houve*) e o moderno *trouxen*”.

### 3.2.4. *Salo* ~ *saio*

O verbo *saír* mantén o *-l-* intervocálico, como noutras variantes pola xeografía galega. No caso que nos ocupa, en Braño, é común escoitar “*eu salo, ti sales* etc.”. Esta forma aparece recollida por Fernández Rei (1991: 100) como propia do occidente pontevedrés e da provincia da Coruña, ademais de estar presente nas falas do norte do galego de Asturias. Do mesmo xeito, o verbo *valer*, tamén rexistra voces como *valo* e *vales*, as cales, entre as variantes deste verbo, están localizadas tamén no occidente da provincia da Coruña e na maior parte de Pontevedra.

### 4.2.6 Voseo e *convosco* / *connosco*

Entre a xente do lugar aínda e común escoitar a forma de tratamento *vós* no canto de *vostede*. Este pronome está reservado para persoas de idade avanzada “que pola súa idade merecen un especial respecto” e con familiares ou veciños próximos. As *Normas* (RAG/ILG 2012: 88) dan conta da conservación de *vós* como pronome de cortesía como unha das formas tradicionais cando explica a elección de *vostede* para tratamento de cortesía: “a escolla a favor destas formas vén dada xa pola tradición escrita desde o século XIX. As formas tradicionais, hoxe dificilmente recuperables, eran *vós* e *el* (ela, eles, elas), aínda vivas en certas zonas.” Por último, sobre esta forma Ferreiro (1999: 245) ubica este pronome como común na época medieval: “De todos os xeitos, na lingua medieval era

frecuente a aparición da forma nós como plural de maxestade, e a forma de cortesía vós utilizado como suxeito”. Freixeiro Mato (2006b: 121) sobre o voseo achega que

vós, invariábel, referido a un interlocutor singular ou plural seguindo tamén o uso antigo, tende a desaparecer, reservándose para o trato con persoas de avanzada idade (Vós chegastes esgotado, non si, avó?). Pode producirse equívoco cando hai máis de un interlocutor (Vós non estades ben de saúde); o verbo vai sempre en segunda persoa de plural.

Tamén é posíbel escoitar, en todos os rangos de idade, as formas *connosco* e *convosco*. Fernández Rei (1991: 76) xa a recolle como comúns no occidente coruñés entre outras partes da Galiza. Estas formas, con todo, están ameazadas como refire o mesmo autor, a desaparecer, sendo substituídas polas analíticas *con nós* e *con vós*.

#### 4.2.7. *Ouvir / oír*

Existe oposición entre estas formas. Na primeira persoa do tema de presente realízase, sobre todo en xente de maior idade, *ouso* (pronuncia antiga da forma medieval *ouço*). Porén, tamén se usa, por veces ente a xente máis vella as formas de *oír* (*oio*, *oes...*). Esta oposición entre *ous-*(-o, -a...) e *oi*(-o, -a) está recollido por Fernández Rei (1991: 97) como común “no occidente da Coruña e algunhas falas pontevedresas”. A xente de maior idade é a que adoita empregar as formas de *ous-*, mentres que as xeracións máis novas practicamente usan *oír*.

#### 4.2.8 *Andar*

As formas do pretérito do verbo *andar* son as que Fernández Rei (1991: 92) considera características do galego antigo e do portugués estándar (*andei* etc.). En Braño atopamos estas formas alternadas coas de tema castelán para o pretérito *anduv-*(-en, -estes...).

#### 4.2.9 *Querer*

O verbo *querer* presenta vogal aberta [e] en formas como *qués* ou *quer*. Ferreiro (1999: 338) sobre estas variantes afirma que

[a] forma antiga (e dialectal) *quer* foi substituída modernamente pala analóxica *quere* (vid. §180a), ficando aquela imobilizada como conxunción disxuntiva (vid. §245b), ademais de contribuír á

formación de pronomes indefinidos (vid. §168d). Dialectalmente, aparece no occidente coruñés a forma *ques* para a P2, convivindo coa regular *queres*, talvez por analoxía con *dis* ou *fas* (e *tes* ou *vés*).

## 5. Castelanismos

Os castelanismos, como noutras partes da Galiza, constitúen unha importante porcentaxe do galego falado en Braño. Non son diferentes dos que se pode escoitar noutras localidades, xa non veciñas, como Camariñas, senón de zonas doutras rexións do país. Son castelanismos de diferentes tipos: léxicos, morfosintácticos e semánticos. Os castelanismos considerados fonéticos, segundo López Viñas & Modia & Moreda (2011: 71), non se recollen no lugar, pois estes adoitan ser trazos de falantes de castelán que usan o galego, mais toda a xente de Braño é, practicamente, paleofalante de galego. Con todo, como xa se viu, hai despalatalización de [ʃ], mais non é un fenómeno de orixe castelá, senón dialectal.

Así, entre os castelanismos léxicos podemos escoitar formas adaptadas do castelán para o galego como *\*conexo*, *\*parexa* ou *\*baraxa*. Alén disto, tamén hai directamente palabras castelás como *castillo*, *rodilla*, *grifo* ou *carretera*. Porén, estas formas, ou algunhas delas, adoitan alternar con palabras galegas equivalentes, como **xeonllo** ou **billa**, ou casos como *\*lons* (lonxe) e *\*lexos*. Os días da semana, por exemplo, son as formas castelás. O léxico da igrexa tamén está fortemente castelanizado. Como exemplo véxase *\*ighlesia*, *Dios*. Os substantivos que en galego acaban en *-dade* usan as formas castelás como *\*ciudá*, *\*enfermedá* etc. ). O mesmo ocorre con palabras acabadas en *-tude*, que usan formas castelás, como *\*magnitú*, *\*ghuventú*. Moitos substantivos acabados en *-axe* son usados na forma castelá. Así temos *\*paisaghe* por *paisaxe* ou *\*gharaghe* por *garaxe*. No entanto, aínda hai formas que permanecen na forma galega como *trase* (traxe). Neste tipo de palabras algunhas son realizadas mesmo acabando en *-s(x)*, debido a un enfraquecemento moi forte da vogal final, ou directamente pola apócope. Así, podemos escoitar mesmo *tras(e)* ou *ferrús(e)*. Existen castelanismos que son “tapados” por unha

gheada, isto é, na súa realización máis “tradicional” e non na forma castelá [x]. Son palabras que en galego, polo xeral, son escritas con *x* ou *ll*, como as mencionadas *paisaxe*, *garaxe*. Sobre este tipo de castelanismos con gheada, Fernández Rei (1991: 186-187), ao falar da tese castelanista da gheada, xa indica que

tampouco parece convincente a explicación por interferencia do castelán. O principal erro dos que iso pensan está no feito de identificaren a aspiración da gheada galega co son fricativo velar xordo do *j* castelán, cando son dúas pronuncias ben diferentes. O castelán interfere o galego ó pasar dunha pronuncia faringal (ou laringal) de *amigho* a unha pronuncia velar en *amijo*; de igual xeito que o galego pode interferi-lo castelán cando un falante con gheada aspirada de hoxe *mugher*, *viegho* ó falar en castelán. ou ó utilizar castelanismos como *colegghio*, *gheografía* sen adaptalos á fonética galega (*colexio*. *xeografía*). Estas interferencias daríanse unha vez que se deu a aspiración do *K* en galego. pero non antes.

No plano sintáctico, aínda que a colocación dos pronomes é, polo xeral, a correcta, nos xuramentos o pronome é anteposto: *Me cagho en...* López Viñas & Modia & Moreda (2011) consideran que a ausencia de infinitivo persoal nos casos obrigatorios é tamén castelanismo sintáctico, e como tal tamén o recolleemos aquí. Nin sequera os rapaces que foran escolarizados en galego, onde (na teoría) se ensina este tempo verbal, adoitan usalo. Do mesmo xeito, formas do futuro do subxuntivo si que son practicamente inexistentes, sen constancia nas gravacións ou escoitadas fora destas polo autor do traballo.

No plano morfolóxico existen verbos que usan as formas castelás como *supen*, *iba*. Existen tamén verbos que en galego normativo pertencen á segunda conxugación (-*er*) e, en cambio, son usados na terceira (-*ir*), e viceversa (*exprimir-expremer*). Como tamén se viu arriba, hai quen considera o plural en -*les*, de palabras como *animales*, influencia do castelán e hai outros autores que o consideran evolución propia no sistema galego. Tendo isto en conta, recólloos como ambos fenómenos (dialectalismo e castelanismo).

A nivel pragmático aparecen os mesmos castelanismos que noutras partes da xeografía galega: *bueno* (bué), *hombre* (tamén *home* e *ho*), ou *vale*.

No plano dos castelanismos semánticos, existe oposición entre algunhas palabras galegas e os castelanismos adaptados (ou non) canto o seu significado. Así, ente o máis común

podemos ver que se distingue entre *vasoira* (*vasoura* ou *vasuira*) e *escoba*. A primeira sería a tradicional, feita de xesta, mentres que a segunda sería a de moderna elaboración.

En definitiva, case todos os castelanismos que López Viñas & Modia & Moreda recollen na *Gramática Práctica da Lingua Galega* (2011) están presentes no galego de Braño, sendo estes comúns a practicamente toda Galiza.

## 6. Léxico e fraseoloxía

A grande maioría do que se presenta aquí é amplamente coñecida no ámbito da filoloxía galega e son simples variantes de formas comúns. Porén, o obxectivo desta listaxe é axudar a ubicar no mapa algunhas destas variantes e, asemade, proporcionar algunha nova palabra descoñecida. Algunhas destas son simples variantes con mínimas diferenzas doutras máis coñecidas. Outras formas pretenden balizar as variantes para, quizais nun futuro, ofrecer información sobre como se chaman estas partes en determinado lugar. Téñase en conta que as palabras con *c* e *x* son pronunciadas con seseo apical.

Algúns termos, como *esquifo* ou a expresión *a Raja-cincha*, non son de uso xeneralizado por todos os falantes de Braño, pois son formas froito da emigración a países de América do Sur ou Suíza. Polo tanto, aínda que moita xente pode utilizar estas formas, non se deben tomar como sistemáticas ou pertencentes ao galego do lugar. Ocorre o mesmo que con outras expresións do francés que os emigrados en Suíza adaptan e utilizan con maior ou menor frecuencia no seu falar diario por toda Galiza. O feito de recoller aquí estes dous exemplos serve para ilustrar o mencionado na descrición de Braño, onde a emigración foi máis frecuente a zonas de Suíza, Brasil ou Arxentina, e demostrar, se se pode, a incidencia da emigración na lingua.

**Alacrán:** Eiruga ou verme verde, peludo e grande. Véxase *denociña*.

**Apag(h)o:** lóstrego. Tamén se usa *lostreg(h)o* ou *lustreg(h)o*, con acentuación grave, como acontece tamén con *pexeg(h)o*

**Arballar:** Orballar (mais dise *orballo*).

**Bagulla:** Bágoa.

**Buceira:** Aparello feito de vimbios, vergas, arame, corda etc., que se lles coloca no fociño aos animais para que non traben ou para que non coman cando non deben.  
[RAG]

**Cabazo:** Hórreo.

**Colitro:** Eucalipto. Dentro de todas as variantes que recibe esta árbore, en Braño dáse a que aquí se presenta.

**Cañoto:** Parte interior da espiga. Tamén se di *canoto*.

**Castaña:** 1. Froito do castiñeiro. 2. Pataca. No lugar aínda hai labregos que seguen chamando *castaña* á pataca. [“En certos territorios galegos foille aplicada a denominación castaña [á pataca], cuxo consumo substituíu parcialmente” (Ferreiro 2001: 278)].

**Debrullar:** Quitar o millo da espiga. Debullar.

**Denociña:** (*Mustela nivalis*) Mamífero semellante ao armiño. Outros nomes deste animal son *garridiña*, *donicela*, *doniña*, *saltapedras* ou *cazoleira*. [No lugar recóllese o refrán sobre a mordedura deste animal, que se considerar desde hai tempo velenosa: *Se che pica un alacrán, as campanas tocarán, se che pica unha denosiña, tocarán maisiña* (= máis + axiña)]

**Espenar:** Quitar a tona de alimentos como as patacas.

**Esquifo:** Desorde ou desfeita. Provéen do italiano *schifo*. Traído polos emigrados que voltaron, seguramente, dalgún cantón italiano da Suíza.

**Estalote:** (*Digitalis purpurea*) Planta silvestre da familia das escrofulariáceas, de talo ergueito, follas basais e inflorescencia de até trinta centímetros de alto con numerosas flores con forma de alferga, coa corola de cor púrpura ou rosada e interior branco punteado de vermello (RAG). Estraloque.

**Fanacazo:** Golpe.

**Ferrús:** Ferruxe. A orixe da variante asenta na apócope das palabras acabadas en *-axe* ~ *-uxe* e a despalatalización de /ʃ/

**Foque:** Lanterna.

**Fumeiro:** Fungueiro. Parte do carro. Sobre estas formas véxase Ferreiro, M. (1999). *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento, p. 135

**Ir a caricote:** Acción de ir alguén nos ombros de outro.

**Mando:** Cantidade de cousas que se pode levar dunha vez nos brazos. Presa. (RAG). É unha variante de *manda*, do lat. *manuatam*.

**Merrucho:** Gato, máis concretamente un gato pequeno. Sobre a etimoloxía deste vocábulo non achei información. Quizais teña unha orixe onomatopeica no son do gato.

**Piog(h)a:** Correa, xeralmente de coiro, que se suxeita nos extremos das cangallas e pasa por debaixo do pescozo do animal ao xunguilo. [RAG]

**Pitaceg(h)a:** Insecto da orde dos hemípteros, de cor negra e patas moi longas e do que existen diversas especies que viven na superficie da auga sobre a cal se desprazan con moita axilidade.

**(a)Raja-cincha:** Locución adverbial de modo que significa en ‘sen medida’, ‘desmesurado’ ou ‘en abundancia’. Provéñ do español falado na Arxentina. Probabelmente sexa unha outra importación dos emigrados que voltaron. Úsase sobre todo con comer e beber. [loc. adv. Arg. y Ur. Con exceso, sin medida (RAE)].

**Rapaconas:** Animal similar ao alacrán mais de cor negra.

**Roto:** Arrouto

**Tocelo:** Nocello.

## 7. Conclusións

Despois de analizarmos diferentes trazos recollidos nas gravacións, podemos tirar unhas conclusións sobre o galego falado no lugar de Braño. En primeiro lugar, practicamente todos os trazos recollidos nos manuais de dialectoloxía, e naqueles estudos onde se dá conta da variación dialectal, coinciden con aqueles rexistrados neste traballo. Deste xeito, máis que acrecentar coñecemento, esta aproximación vén a confirmar e actualizar os datos que se tiñan sobre o galego nesta zona. En segundo lugar, podemos afirmar que a sobrevivencia dalgúns destes trazos non está asegurada (formas como *fono*, ou a forma *-nos*, por exemplo). Outros fenómenos, como a gheada, non semellan estar en risco de desaparecer, de feito, forman parte da forma de sentir o galego da xente da zona. O galego falado é un galego con trazos moi arcaicos propios da nosa lingua, se ben tamén é unha zona onde o galego presenta unha considerábel cantidade de castelanismos. É evidente que a escolarización en lingua galega tivo, entre outros, efectos que podemos considerar “negativos” se nos referimos á diversidade dialectal da lingua galega, pois, como xa se indicou, se ben existen trazos que parecen ter asegurado o futuro máis próximo, outros non terán a mesma sorte. A escolarización en galego está a nivelar todos os galegos nunha única variedade, levando a desaparecer todos os trazos minoritarios. A



preocupación acrecéntase con trazos como o seseo, por exemplo, que malia seguir bastante vivo na zona, todos os estudos apuntan a que vai perdendo terreo co paso dos anos, aínda que este, xunto coa gheada, constitúen os dous trazos máis característicos e identificativos das falas da Costa da Morte. O léxico do lugar non parece estar moi ameazado polas formas máis “estandarizadas”, aínda que, como noutras partes da nosa xeografía, moitas palabras foron substituídas por castelanismos, adaptados ou non. O castelán en Braño, malia ter unha presenza máis moi escasa (por non dicir nula), influíu no galego da zona do mesmo xeito que noutros puntos da Galiza. Algunhas das formas son froito da emigración a países de América latina. En definitiva, este traballo pretendeu confirmar a expresión que moita xente necesita coñecer e assimilar sobre a súa variedade: ningún galego é incorrecto, só aquel que non se fala.

## 8. Bibliografía

*Bibliografía dialectal galego-portuguesa.* (1976). Lisboa: Atlas lingüístico-etnográfico de Portugal e da Galiza.

Fernández Rei, F. (2003). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais.

Fernandez Rei, F. (2013). "Galego oral e galego estándar. Consideracións sobre a codificación léxica e as variedades sociais." En U. Hoinkes, *Die kleineren Sprachen in Romania. Verbreitung, Nutzung und Ausbau* (pp. 49-88). Frankfurt am Lang: Peter Lang.

Ferreiro, M. (1999). *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Ferreiro, M. (2001). *Gramática histórica galega II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.

- Freixeiro Mato, X. R. (2006a). *Gramática da Lingua Galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, X. R. (2006b). *Gramática Galega I. Fonética e Fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.
- Gago, M. (s.d.). *Mapa sonoro de Galicia*. Consello da Cultura Galega. Dispoñíbel en <http://mapasonoro.consellodacultura.gal/pezas/index/356/2>
- Graña Nuñez, X. (1993). *Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega*. Vigo: Ir indo Edicións.
- López Viñas, X., Lourenço Modia, C., & Moreda Leirado, M. (2010). *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. A Coruña: Baía Edicións.
- Mariño Paz, R. (1999). *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo blanco.
- Mariño Paz, R. (2003). *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. A Coruña: Área de Filoloxía Galega e Portuguesa. Departamento Galego-Portugués, Francés e Lingüística.
- Míguez Iglesias, D. (1996). "Seseo e gheada en Viceso (Brión)". *Cadernos de Lingua 4*, 39-57.
- Pensado J. L. & Pensado Ruiz, C. (1983). "Gheada y geada gallegas". *Verba. Anuario galego de filoloxia, Anexo 21*.
- Pensado, J. L. (1983). "Para la historia del posesivo en gallego y portugués: Formas extravagantes". *Revista de Filología Románica*, 185-191.
- RAE. **Diccionario de Real Academia Española. Madrid.**  
<https://www.rae.es/recursos/diccionarios>

RAG. *Dicionario da Real Academia Galega (DRAG)*. A Coruña.

<https://academia.gal/dicionario>.

RAG/ILG. (2012). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Galaxia.

Rodríguez Valcárcel, M. X. (s.d.). *Consideracións verbo do uso dos demostrativos*.

Sánchez Rei, X. M. (2002). *Os pronomes demostrativos*. Betanzos: Baía Edicións.

Sánchez Rei, X. M. (2011). *Lingua galega e variación dialectal*. Santiago de Compostela: Laivento.

*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. (2009) Obtido de Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl>

Zamora Vicente, A. (13 de 3 de 2020). *Estudios de dialectología hispánica*. Obtido de Cervantes Virtual: <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmcv40r0>

## ANEXOS

### Transcricións

#### Texto 1: Oral (muller 86 anos)

Sa quiso primeiro andar con ela, e nós disémoslle: non andes con el que é mui feo mecaghi... E vai el fui, e chamoua bailar. E dísolle ela: non che von! E vai el e levanta a perna... pas! Así. Ai, como tiña a chambrá! Unha chambrá branca. E aghora? E aghora que faseremos? E aghora? Fumos a cas Lola do Caión e lavoulla cun trapiño. Fuia lavando, fuia lavando. E así tuve. E lambiua. E se ta sola lambe unha tunda. Mira, nós eranos criminales. Eranos des. E as des tábanos suntas. Sempre suntas. E nos-e íbanos a casa do Caión comer un boliño entre todas, non había cartos non había nada. Amas beber cadanseu vasiño de revoltosa. Bueno... e o moso andaba buscando por nós, e nós no paseo non tábanos. Tábanos en cas Lola do Caión. E despos chega un de Saviña (*Xaviña*), outro de Saviña, aquilo fui con Anghelica. E...pidiulle palabra Anghelika mesmo na porta de Lola do Caion. E dille Anghelika: ai bueno! pos vente cando queiras, que aghora sa imos po paseo, pa ire pasear con ela. E vai el.. e as de traba taban todas con bolsas de peras e masáns..a carretera chea, na ponte. E disemos nós: Anghelica, mira, chamamos por ela, si che di que quer comprar unha bolsa de peras cóllella, e despós imos parriba do paredón e comémolas, e despós despáchalo. E diso...E vai el e marchou a sunta aquela trebella sen lle disir nada a el. Asustou unha bolsa de peras, unha sestilliña, que había sistilliñas.[...] Si asustábanas. Ela pidíache por ela e ti disías douche tanto. Siempre algo de menos. E deisoulla. E diso ela: ai, pos aghora imos p´arriba do paredón, que tan alí as compañeiras, e todas nós comemos. E vamos p´alí. Todas a comer as peras. Acabámolas peras, fui pasear, aí ven o sesteiro de Traba, que era o que andaba con ela. Despachouo...ai..despós de compralas peras. Ai, nós que farra, que farra tuvemos con aquelas peras. Ai mimadre...Pero aquel non lle dou.

Outra ves, viñan todos atrás todos, os mosos, atrás nosa. Falando falando... tiñamos muito que andar hastra o campo da Milleira, eh!. E viñan todos falando, e nós, e nós diante un anaco, diante. E di Carme do Virilio? Sabelo que mais? Imos correre e aghochámonos e hose non dan connosco por teren santo palique.

## Texto 2: Oral (muller 54 anos)

Rebusto iba cas vacas. E unha ves vén a media tarde pa casa. A media tarde, claro, taría solo, que non tiña con quen tar, e entoses el a media tarde arriou pa casa e o carallo, sa tan cheas. Chegha por aí arriba, mou pai ve aí as vacas, por aí arriba, e diso el: onde vas?- e diso el- Sa tan cheas papá, sa tan cheas. Volta p'atrás. Doulle volta as vacas e [...] e mandouo outra ves de volta. Iba a herba, iba por un burro de herba. Chegaba a casa e traía dous puños d'herba sustos, na escada. Toda apretada así. Un puño d'herba aquí e outro aquí. Cheghaba aquí e sa descarghaba ca man pa que...espabilábaa así non sabes? Fasíalle así.. E dísenlle eu: cando (veña) meu pai mátiche, eh! Mándache ir por...Esta herba pa que é? Esta herba non lle chegha a nada. Diso: Ti cala a boca. Collía a herba fasía así, pa que fisera pila no sa(bes)? Cheghaba mou pai: Esto que carallo é? E disía miña nai-E logho ti que trousestes aquí? Esta herba? Volta, poñe o burro e vai por outro burro d'herba. Ai! era criminal. Era criminal de gherra. Botábase aí na cusiña de fóra e veña fumar, e veña fumar. Dísenlle eu: cando veña miña nai díghollo todo eh!-Pil...como llo dighas mátoche, como llo dighas mátoche -e eu- vonllo disir a miña nai. Vonlle disir a miña nai que tas fumando. E el veña fumar, veña fumar el na cusiña de fora. E dehpoh chegaba miña nai, sentíalle vir o coche, e dísenlle eu: Ai! aí ven miña nai. Aora sa llo von disir- E disía el: Mecaghindiola-pero disíame el- Pilariña non llo dighas, mullé, non llo dihas, Pilariña mullé, non llo dighas. Mira, se non llo dis, tal cousa. E eu sa me conformaba. Bueno. Bueno poh daquela, pa outra ves dighollo eh. Eu amenasábao con eso. Vamos a vere, era o que tiña. Pero primeiro disía el: como llo dighas mátoche. Pero dehpoh cando a vira vire, e vía que eu marchaba disirlle: non llo dighas mullé non llo dighas mullé non llo dighas. Mira, se non llo dis ,tal cousa. E eu sa me conformaba.

Unha ves que era polo Entruido...polo Entruido. Ti acordaste? Non te acordas...Mira, eu aos Entruidos tíñalles muito medo, e esta tamén. Nós ós Entruidos tíñamoslles pánico. E tábamos os tres aquí na cusiña. Miña nai inda non cheghara. Os tres, a cusiña ensendida, e eu acórdome que taba sentada enriba do mesado, e Carme tamén taba por aquí. Bue...Vai el, que fiso? El marchou. Non nos demos de cuenta para nada que marchara da cusiña. De repente, fui a fora meter unha careta. Mira, apareciu aquí por esta porta ca careta posta...Ai mi madre! ai mi madre! Vista a min e mais a esta, e berros e berros, a tolear pola casa adiante. E despós el sacou a careta-son eu mullé, son eu- Pero dehpós nin careta ni Dios. Aquelo dehpós, nós, sa non había quen nos aturara. Tábamos tolas

pola casa adiante, e berros e berros e berros. Mi madre! pa nos calmare, despós viuse neghro pa nos calmar, eh! Ai, que tanto medo collemos, mi madre.

Texto 3: Oral (nenos, 10 e 6 anos)

Bueno Martín, mañán ao levantarmos que podemos faser?-eh...ir alistar os animales!-claro!ir alistalos. E que alistamos primeiro? Porco, despós os conesos, despós as ghaliñas, como ti prefieras os cans...?-vale. -A ver, di un orden ti-vale...como disestes ti. -Primeiro o porco, despos conesos, e despos ghaliñas e despos os cans?[...] Vale. Podemos...Ir a casa de Rebusto!-Non oh! Eso á tarde, porque Rebusto traballa de mañán. Así que, despois podemos coller a máquina a presión e limpar a asera. E dehpós, sa que estamos ca máquina a presión tamén limpamos os cans, un pouquiño solo, que sa tan limpos, no?-si- e despós, que habrá de comer? Ti que queres comer, para disirlle a buela?-non sei...caldo. -caldo? Ah pois eu quero...tortilla! Ti que prefieres? Caldo ou tortilla?-caldo-caldo non? Si bueno, a min o caldo tamén me ghusta muito, pero prefiero tortilla. Despós comeremos e á tarde fasemos os deberes. Ti os teus deberes e eu os meus. Despós, ás sinco que vén Rebusto de traballar, imos a cas´ Rebusto-si, pero a min oh deberes...non me costa tanto faselos, acabo rápido. -Acábalos rápido? Pois daquela, se é que nos dá tempo antes de ir a cah Rebusto, podemos, non sei, podemos, podemos, podemos...xogar o fútbol!-si! – Si, mira, e vamos, vonche entrenar un pouquiño, un pouquiño, mira. Collemos e botámola portería pa baixo, despois coll... tiramos faltas, e fasemos unha barrera con unha carreta e dous caldeiros por arriba.

Texto 4: (Oral) Home 84 anos

Cando tíñamos as ghaliñas, doulle, tiñan unha enfermédá. Tantos as miñas como as del, que sa taban suntas eh, había un tabique no medio na mais, na casa de... Eu tiña na de Rebusto e el tíñaas na del, na del propio, que taban as casas unidas. Cada ves que marchábanos a pola mañán. Anchemos un saco de ghaliñas, vivas eh, pero taban, taban morrendo, a cada paso morrían, a cada paso morrían...Pero tardaban días se cadra en morrer, cada paso que...todos os días que íbamos traballar pa casa do Piocha, pa Carantoña, non íbamos pola carretera non, ibamos polo monte ou polo carreiro arriba, co saco de ghaliñas ao lombo. E cheghamos ao medio do carreiro -bumba- ghaliñas afora. Descarghamos alí no monte pa que as comese o raposo. Nós pa´ que as queríamos? Que taban comendo o pienso e sin sin espediansia De nada e como unha persona que ten o

canser, ighual. Asta que as despachamos todas, as que non valían va. E nos íbamos traballar pa cas do Piocha, a pola mañán cando marchábam os saco cheo. Os puntales daquelas casas viñeron todos enteiros de Camelle. Roubados! De noite marchábam eu mailo Viúdo á tardiña de todo...eso si que é traballar, oh! Mecagho nas estrelas. A serra, que cortábam, esa serra que ta aí, noviña. El agharraba por un lado eu polo outro, mecaghondios, a serra pasaba o pino e o pino de pé aínda, non caía. Era nova, mi madre, cortaba que adobesía. E dehpóis chegábam o pino [...] E cortábam outro máis, fasía dous puntales ou tres cada un era altísimoh pero delgados, porque taban no medio dos ghrandes. E o...eses delghados, eran finos no?, e...cun pino traías tres puntales, e entre os dous traíamos seis e nunha semana carresamos os puntales pa ´baíso. Pa´ casa onde ta o Viúdo hose. Ti mira como fasíamos nós. A pedra, en ves de mandar vir o camión de pedra, pola carretera adiante que taba a carretera no do po [...] empleo. Chámase o empleo cando se preparou a carretera que taba de morrillos.

#### Texto 5: Home 30 anos

Nos tabamos preparando o catesismo pa faser a comunión, e resulta que fui un día vindo, salimos da ighesia, do castesismo, e viñamos de volta pa casa. A ighlesia ta mais ou menos a un kilómetro e medio da nosa casa, onde vivimos a miña irmán e máis eu. E resulta que vindo un día do catesismo eramos sinco rapases. Era unha vesiña miña que se chama Rebeca, eh, dous primos seghundos meus, Bruno e Manoliño, máis miña irmán e eu. Resulta que viñamos andando, daquela ibamos andando ao catesismo, viñemos andando pa casa, sa de volta, e na mitá do camiño encontramos unha casa pequena de pedra, que tiña unha porta de madeira e a porta taba toda podre. Pos falando da casa, un destes primos meus, Manoliño, que era máis atravesado ca Dios, oíra falar na casa, a sous país, ou a sou abuelo, a sou tio que, que, cando o seu abuelo era pequeno vivira naquela casa. Aquela casa fora do seu abuelo. Entonses, nós daquela tiñamos muita curiosidá siempre por entrar nas casas abandonas e a ver o que había dentro e tal. Disemos nós, vamos coller unhas pedras, tiramos, acabamos de tirar a porta abaiso, entramos adentro, e miramos o que hai dentro. Se cadra aínda hai cousas que valen, pa aproveitar pa soghar e todo eso non? Bueno, pois collemos unhas pedras e empesamos a pedrasos coa porta pa tirala abaiso. Aboiamos a porta enteira, fisémoslle furados por todos lados e a porta non daba caído. E entonses, collemos unha pedra ghrande entre os dous, mou primo Manoliño mais eu, e cando ibamos tirarlle á porta, mandámoslle un batacaso na porta.

Pegou un estalo, un estoupido criminal, e aos dous minutos tínhamos un home berrando detrás nosa, famoso Facundo de Carantoña, que nos fiso correr o que non taba escrito. Porque o cacho cabrón do mou primo non oíra ben o tema e aquela casa fora vendida a Facundo Sa non era de seu abuelo. E resulta que cando eu mais Manoliño collemos a pedra pa tirar a porta abaiso, empesamos a escuitar os berros da, do fondo, miramos polo lado e resulta que Rebeca mais Bruno sa iban na casa de Cristo correndo. MARCHARON SEN DISIR NADA. E quedamos os tres, Manoliño, miña irmán e mais eu. Ao escuitar os berros, tirámola pedra e empesamos a correr como alma que leva o demo. E miña irmán, que daquela era a máis pequena dos cinco que tabamos alí, quedouse atrás e Facundo viña unha vara, unha vara de aghullón desta das vacas, e mandou a vara polo aire e rousoulle na capucha da sudadera da miña irmán, e miña irmán, que era a máis pequena de todas, me falte Dios, se non prendiu, subiu duas marchas na carreira e pasou por nós pero na llama. Tocábanlle os talóns no lombo, do medo que levaba no corpo. Non había Dios que a collera. Paresía unha lebre do monte. Súroche, que na miña vida tanto corrín.

#### Texto 6: (Oral) Muller 29 anos

A nós unha ves vennos correndo detrás nosa o de...ai! como lle chaman oh. O d'álá d'arriba. O do Piocha! No, ai no! Facundo! Ti non te acordas dese conto? Mimá...Que ibamos a Carantoña a faser a...como se chama? Esto que tes que faser cando fas a cofirmación...É! íbamos faser o catesihmo. Íbamos ao catesihmo eue...eu, Rebeca, quen era más? Bruno, Manoliño e Isá(ac). [...]No, pero aí no. Aí fui da confirmación. E Ghabriel sa non taba. Tábamos nos solos. E víñamos pa casa e empesámoslle a tirar pedras a aquela casiña que ta alí de pedra, debaiso do...debaiso do canal. E aí vimos vir a facundo mimá. Correndo como un toro de Mihura. E nós, mimá, escapamos correndo bum bum bum e corremos Caratoña abaiso e eu detrás, mimá. Tubo a punto de collerme eh. Empesei a coller carrerilla bum! adianteinos a todos. Cando me dei cuenta sa eu taba en Cabana na carretera ghegeneral e os outros todos tranquilos andando que sa non viña el. Pero...acoghoneime eh! Nunca na miña vida tanto corrín.



**Texto 1: Fonético**

[ʒa 'kiʒo pri'mejro ãn'dar kōŋ 'ela | ε nos di'ʒemosle | nōŋ 'ãndes kōn eʃ ke ε muj 'feo  
me'kaŋi | ε βæj eʃ 'fuj | ε ʃa'mowa βaj'lar | ε 'ðisoʎe 'ela| nōŋ ʃe βōŋ | e βaj eʃ ε le'βãnta  
a 'perna paʒ | a'si || æj 'komo 'tiŋæ a ʃãmbræ ũŋã ʃãmbræ 'blãŋkæ || ε a'hora ε a'hora  
5 ke faʒe'remos | ε a'hora | 'fumoʒ a kaʒ 'lola ðo kæ'jōŋ ε la'βowʎæ kũŋ tra'pĩŋo || 'fujæ  
la'βãndo 'fujæ la'βãndo 'koma kēŋ kara mo'ʎaða || ε a'ʒi 'tuβe || ε lãm'biwa | ε se ta 'sola  
'lãmbe 'ũŋã 'tũndæ || 'mira nos 'eranoʒ krimi'naleʒ || 'eranoʒ ðes ε | as ðes 'taβanos 'sũntas  
| 'sempre 'sũntas | ε 'nose 'iβanos a 'kasæ ðo kæ'jōŋ ko'mer ũŋ bo'lĩŋo 'ẽntre 'todas |  
nōŋ a'βia 'kartos nōŋ æ'βiæ 'naðæ | a'mas be'βer kaðãn'ʒew βa'ʒĩŋo de reβoʃ'toʒa ||  
10 'bweno | ε o 'moʒo ãn'daβa βuʒ'kãndo por nos | ε nos no pa'ʒeo nōŋ 'taβanos | 'taβanos  
ēŋ kas' 'lola do kaj'ōŋ || ε des'pos ʃeħa ũŋ de ʒa'βĩŋæ | 'owtro ðe sa'βĩŋæ || akelo fwj kōn  
ãŋ'helika | ε: pi'ðiwʎe pa'laβra a ãŋ'helikæ 'miʒmo na 'pōrta ðe 'lola ðo kæj'ōŋ | ε 'ðiʎe  
ãŋ'helika | æj 'bweno poʒ 'βẽnte 'kando 'kejraʒ ke a'hora ʒa 'imos po pa'ʒeo | pa 'ire  
paʒe'ar kōn 'ela || ε βæj el | ε aʒ de 'traβa 'taβæŋ toðas kōŋ boʒæʒ ðe peræʒ ε ma'ʒãŋʒ | a  
15 kare'tera ʃeã | na 'põnte || ε di'ʒemos nos | ãŋ'helikæ mira | ʃæ'mamos por ela | si ʃe ði  
ke ker komprar ũŋã boʎsa de 'peras 'koʎeʎæ ε ðes'pos 'imos pa'riβa ðo pare'ðōŋ ε  
ko'memolaʒ | ε ðes'poʒ ðes'paʃalo | ε ðiso [...] ε βæj el ε marʃow a 'sũnta a'kela tre'βeʎæ  
ʒeŋ ʎe ði'sir 'naða a el | asuʒ'tow 'ũŋã 'boʎsa ðe 'peras | 'ũŋã ʒeʒti'ʎĩŋa ke a'βia ʒiʒ'tiʎĩŋæ  
| si aʒuʒ'taβanaʒ || 'ela pi'ðjæʃe por ela ε ti'ði'ʒiæʒ 'ðowʃe 'tãnto | 'ʒiẽmpre 'aħho ðe  
20 'menos | e ðej'ʒowʎa | ε 'ðiso ela æj poʒ a'hora 'imos pa'riβa do pare'ðōŋ ke tãŋ a'li aʒ  
kōmpa'nejraʒ e 'toðas nos ko'memos | ε 'bamos pa'li 'toðas a ko'mer aʒ 'peræʒ ||  
aka'βamolaʒ 'peræʒ || fuj pa'ʒear | æj βēŋ o ʒes'tejro ðe 'traβa | ke era o ke andaβa kōŋ ela  
| ðespa'ʃowo || æj des'poʒ de kōm'pralaʒ 'peræʒ || æj nos ke 'fara | ke 'fara tu'βemos kōŋ  
a'kelaʒ 'peræʒ | æj mi 'madre || pero a'keʃ nōŋ ʎe dow || 'owtra βeʒ | 'bĩŋãŋ 'toðos a'traʒ  
25 'toðos | oʒ 'moʒos a'traʒ 'noʒa | fa'lãndo fa'lãndo || 'tiŋãmos 'mujto ke ãn'dar 'aʒta o  
'kãmpo ða mi'ʎejra ε || ε 'βĩŋãŋ 'todos fa'lãndo | ε nos ε nos 'diãnte ũŋ a'nako 'djãnte | ε  
ði 'karne ðo βi'riliw | ʒa'βe lo ke mæjʒ | 'imos ko'rere ε ako'ʃamos | ε 'oʒe nōŋ dãŋ  
kōn'noʒko por 'terēŋ 'ʒãnto pa'like ||]

## Texto 2: Fonético

[re'βuŋsto 'iβa kæŋ 'βakæŋ || ε 'ũɲã βeŋ βɛ̃ɲ a 'me ðja 'tarde pa 'kaŋsæ | a 'meðja 'tarðe  
| 'klaro ta'riaε 'ɣolo ke nɔ̃ɲ 'tɪɲæ kɔ̃n kɛ̃n tar | ε ɛ̃n'toŋsɛ el a 'meðja 'tarde ariow pa 'kaŋsæ  
ε o ka'raɫo ɣa tãɲ 'tʃeas || 'tʃeħa pora'i a'riβa| mow pæj βe a'i aŋ 'βakæŋ pora'i a'riβa ε '  
5 ðiŋso el | 'ðnde βas | ε 'ðiŋso el | ɣa tãɲ 'tʃeas pa'pa ɣa tãɲ 'tʃeas | 'boħta pa'tras| 'dowɫe  
'boħta aŋ 'βakæŋ ε [...] ε mǎn'dowo 'owtra βeŋ ðe 'boħta || 'iβa a 'erβa | 'iβa por ũɲ 'buro  
ðe 'erβa || 'tʃe'ħaβa a 'kaŋsæ ε tra'ia ðowɣ 'pũɲoŋ ðe 'erβa 'ɣuŋtoŋ na eŋ'kaða| 'toða  
apre'taða a eŋ'kaða aŋ'i ũɲ 'pũɲo ðe 'erβa a'ki ε 'owtro a'ki| 'tʃe'ħaβa a'i ε ɣa ðeŋkar'ħaβa  
ka mǎɲ pa ke eŋpaβi'laβa: a'ɣi nɔ̃ɲ 'ɣaβeŋ | fa'ɣiaɫe a'ɣi || ε 'ðiŋsɛnɫe ew | kǎndo βɛ̃ɲa  
10 mow pæj 'mataɫtʃe ε 'mǎndæɫtʃe ir por 'eŋta 'erβa pa ke ε | 'eŋta 'erβa nɔ̃ɲ ɫe 'tʃeħa a 'naða  
| ' ðiŋso | ti 'kala a 'βoka | ko'ɫia a 'erβa fæ'ɣia a'ɣi pa ke fi'ɣera 'pila no ɣa | 'tʃe'ħaβæ  
mow pæj | 'eŋto ke ka'raɫo ε | ε ði'ɣia 'mɪɲa næj | ε 'ɫɔħo ti ke trow'ɣeŋteŋ a'ki | 'eŋta 'erβa|  
'boħta 'pɔ̃ɲe o 'buro e 'βæj por 'owtro 'buro ðe 'erβa || 'æj 'era krimi'nal | 'era krimi'nal  
ðe 'ħera || bo'taβaŋe a'i na ku'ɣɪɲa de 'fɔra ε 'βɛ̃ɲa fu'mar | ε 'βɛ̃ɲa fu'mar | 'ðiŋsɛnɫe ew  
15 | 'kǎndo 'βɛ̃ɲa 'mɪɲa næj ' ðiħolo 'toðo ε | pil | 'komo ɫo ' ðiħas 'matotʃe 'komo ɫo '  
ðiħas 'matotʃe | ε eu | 'boħɫo di'ɣir a mɪɲa næj 'βɔ̃ɲɫe di'ɣir a 'mɪɲa 'næj ke taŋ fu'mǎndo  
| ε el 'βɛ̃ɲa fu'mar βeɲa fu'mar el na ku'ɣɪɲa ðe 'fɔra || ε ðeħ'pos tʃe'ħaba 'mɪɲa 'naj  
ɣɛ̃n'tiaɫe βir o 'kɔtʃe | ε 'ðiŋsɛnɫe ew | aj a'i βɛ̃ɲ 'mɪɲa 'næj a'ora ɣa ɫo βɔ̃ɲ ði'ɣir | ε ði'ɣia  
el | me'kaħĩndiɔla | 'pɛro ði'ɣiaɫe el | pila'riɲæ nɔ̃ɲ ɫo ðiħas mu'ɫe nɔ̃ɲ ɫo aŋ pila'riɲa  
20 mu'ɫe nɔ̃ɲ ɫo 'ðiħas | 'mira ɣe nɔ̃ɲ ɫo ðiŋ tal 'kowɣa | ε ew ɣa me kɔ̃ɲfor'maβa || bw'eno  
βw'eno poh da'kela pa 'owtra βeŋ 'ðiħolo ε | ew amena'ɣaβao kɔ̃ɲ eŋo || 'bamos a 'βere  
'era o ke 'tɪɲa || 'pɛro pri'mejro ðiŋ'ia el | 'kɔ̃mo ɫo ' ðiħas 'matotʃe | 'pɛro ðeħ'pos 'kǎndo  
a 'βira 'βire ε 'βia ke ew mar'tʃaβa ði'ɣirɫe | nɔ̃ɲ ɫo ' ðiħas mu'ɫe nɔ̃ɲ ɫo 'ðiħas mu'ɫe  
nɔ̃ɲ ɫo 'ðiħas | 'mira ɣe nɔ̃ɲ ɫo ðiŋ tal 'kowɣa ε ew ɣa me kɔ̃ɲfor'maβa || 'ũɲã βeŋ ke 'era  
25 'polo ǎn'trujðo | 'polo ɛ̃n'trujðo ti a'kɔ̃ɲaŋte | nɔ̃ɲ te a'kɔ̃ɲas || 'mira ew ɔ̃ŋ ɛ̃n'trujðoŋ  
'tɪɲãɫeŋ 'mujto 'meðo | ε 'eŋta ta'mɛ̃ɲ || nɔ̃ŋ ɔ̃ŋ ɛ̃n'trujðoŋ 'tɪɲãmoŋɫeŋ 'paniko | ε 'taβamoŋ  
oŋ tres a'ki na ku'ɣɪɲæ | 'mɪɲa næj 'ĩnda nɔ̃ɲ tʃe'ħara || oŋ tres| a ku'ɣɪɲã ɛ̃nɣɛ̃n'diða | ε  
ew a'kɔ̃ɲome ke 'taβa ɣɛ̃n'taða ɛ̃n'riβa ðo me'ɣaðo ε 'karɫe ta'mɛ̃ɲ 'taβa por a'ki | bwe  
βæj eɫ ke 'fiŋso | eɫ mar'tʃow | nɔ̃ɲ noŋ 'ðemoŋ ðe 'kwenta 'para 'naða ke mar'tʃara ða  
30 ko'ɣɪɲa || ðe re'pɛ̃nte, fuɲ a'fɔra me'ter ũɲã ka'retæ || 'miræ | apare'ɣiw a'ki por 'eŋta  
'pɔ̃rta ka ka'retæ 'pɔ̃stæ | æj mi 'madre æj mi 'madre | 'βista a mɪɲ ε 'mæjɣ a 'eŋta ε 'βeroŋ  
ε 'βeroŋ a tole'ar 'pola 'kaŋa a'ðjãnte | ε ðeŋ'pos el ɣa'kow a kar'etæ || ɣɔ̃ɲ ew mu'ɫe,  
ɣɔ̃ɲ ew 'pɛro ðeħ'pos nɪɲ ka'retæ nɪɲ dios | a'kelo ðeħ'pos nɔ̃ŋ ɣa nɔ̃ɲ a'βia keɲ noŋ  
atu'rara| 'taβamoŋ 'toɫaŋ 'pola 'kaŋa a'ðjãnte ε 'βeroŋ ε 'βeroŋ ε 'βeroŋ || mi 'maðre pa noŋ

35 kał'mare deħ'poŋ 'biwŋe 'neħro pa noŋ kał'mare | aj ke 'tãnto 'medo ko'lemoŋ mi 'maðre  
||

**Texto 3: Fonético**

[ bw'eno mar'tiŋ | mæ'nãŋ o leβãn'tarnoŋ ke po'ðemoŋ fa'ŋer || ε: ir aliŋ'tar oŋ ani'maleŋ  
||'klaro ir aliŋ'taloŋ | ε ke aliŋ'tamoŋ pri'mejro | o 'porko oŋ ko'neŋoŋ deŋ'poŋ aŋ ħa'lĩnæŋ  
'komo ti pre'fiereŋ oŋ kãŋŋ ||'bale || a βer di ũŋ 'orðeŋ ti || 'bale 'komo ði'ŋeŋteŋ ti ||  
pri'mejro o 'porko ðeŋ'poŋ ko'neŋoŋ ε ðeŋ'poŋ ħa'lĩnæŋ ε ðeŋ'poŋ oŋ kãŋŋ || ŋi || bale ||  
5 po'ðemoŋ | ir a 'kaŋa ðe re'βuŋto || nõŋ o: | 'eŋo a: 'tarðe | 'porke re'βuŋto tra'βala ðe  
mæ'nãŋ || a'ŋi ke deŋ'poŋ po'ðemoŋ ko'ler a 'makina a pre'ŋjõŋ ε lĩm'par a a'ŋera | ε  
ðeħ'poŋ ŋa ke 'tamoŋ ka 'makina a pre'ŋjõŋ ta'meŋ lĩm'pamoŋ oŋ kãŋŋ | ũŋ pow'kĩŋo  
'ŋolo ke ŋa tãŋ 'lĩmpoŋ nõ || ŋi || ε ðeŋ'poŋ ke aβe'ra ðe ko'mer | ti ke 'kereŋ ko'mer 'para  
ði'ŋirle a 'βuela || nõŋ ŋej | 'kaldo || 'kaldo | a poŋŋ ew 'kero | tor'tiła | ti ke pre'fiereŋ  
10 'kaldo ow tor'tiła || 'kaldo || 'kaldo nõŋ | ŋi 'βweno a mĩŋ o 'kaldo ta'meŋ me 'ħuŋta  
'mujto | 'pero pre'fiere tort'ila || deŋ'poŋ kome'remoŋ ε a 'tarðe fa'ŋemoŋ oŋ ðe'βereŋ || ti  
oŋ 'tewŋ de'βereŋ ε 'ew oŋ 'mewŋ | deŋ'poŋ aŋ 'ŋĩŋko ke βeŋ re'βuŋto ðe traβa'lar 'imoŋ  
a kaŋ reβuŋto || ŋi 'pero a mĩŋ oħ ðe'βereŋ | nõŋ me 'koŋta 'tãnto fa'ŋeloŋ a'kaβo 'rapiðo  
|| a'kaβaloŋ 'rapiðo | 'poŋŋ ða'kela ŋe ε ke noŋ ða 'tẽmpo 'ãnteŋ de ir a kaħ re'βuŋto  
15 po'ðemoŋ nõŋ ŋej | po'ðemoŋ po'ðemoŋ po'ðemoŋ || ŋo'ħar o 'fuβoł || ŋi || ŋi 'mira ε 'βamoŋ  
'βõntŋe ěntre'nar ũŋ pow'kĩŋo | ũŋ pow'kĩŋo 'mira | ko'lemoŋ ε βo'tamola porte'ria pa  
'βæŋŋo | ðeŋ'poŋŋ coł ti'ramoŋ 'faltaŋ | ε fa'ŋemoŋ ũŋã ba'rera kõŋ ũŋã ka'reta ε 'dowŋ  
kał'dejroŋ por a'riβa ||]

#### Texto 4: Fonético

[ 'kando 'tĩnamos̃ aʒ hã 'lĩnãʒ 'dowle 'tĩnã 'ũñã emferme 'ða || 'tanto aʒ 'mĩnãʒ 'komo  
aʒ del, ke ʒa taβãñ 'ʒuntãʒ ε: || a 'βiã ãñ ta 'βike no 'meðio na 'majʒ, na 'kaʒã de: ew 'tĩna  
na ðe re 'βuʒto ε el 'tĩna:ʒ na del na ðel 'pɾopjo | ke 'taβãñ aʒ 'kasãʒ u 'niðãʒ || 'kaðã βeʒ  
ke tʃehãβanos̃ a 'pola mãñ 'nãñ ãñ 'tʃemos̃ ãñ 'ʒako ðe hã 'lĩnãʒ 'biβãʒ ε 'pero 'taβãñ  
5 'taβãñ mo 'rendo | a 'kaðã 'paʒo mo 'riãñ | a 'kaðã 'paʒo mo 'riãñ 'pero tar 'ðaβãñ 'diãʒ  
ʒe 'kadɾã eñ mo 'rer 'kaðã 'paʒo ke || 'toðos̃ os̃ 'diãʒ ke 'iβamos̃ traβa 'lar pa 'kaʒã ðo  
pi 'otʃa, pa karãen 'toja, nõñ 'iβamos̃ 'pola kãre 'tera nõñ 'iβamos̃ 'polo 'mõnte ow 'polo  
kã 'rejro æ 'riβã ko 'ʒako de hã 'lĩnãʒ ɔ: 'lõmbo || e tʃe 'hamos̃ ɔ: 'meðjo do kã 'rejro  
bumba hã 'lĩnãʒ a 'føra || deʒkar 'hamos̃ a 'li no 'monte pa ke aʒ ko 'mese o ra 'poʒo | nõʒ  
10 pa ke aʒ ke 'riamos̃ ke 'taβãñ ko 'mendo o pi 'enso ε ʒĩñ ʒĩñ espe 'ðiansiã ðe 'naða | ε 'komo  
'ũñã per 'ʒona ke tẽñ o 'kãñʒer | iñ 'wał || 'asta ke as despa 'tʃamos̃ toðãʒ | as ke nõñ ba 'liãñ  
βa | ε nõʒ traβa 'lar pa kaʒ do pi 'otʃa, a pola mãñ 'nãñ 'kãndo mar 'tʃãβanos̃ o 'ʒako tʃeo ||  
os̃ pũn 'tales̃ da 'kelãʒ 'kaʒãʒ, bĩ 'nẽrõñ 'toðos̃ ãñ 'tejros̃ de kã 'mele | row 'baðos̃! de 'nujte  
mar 'tʃãβamos̃ ew 'majlo bi 'uðo a tar 'dĩña ðe 'toðo 'eʒo ʒi ke ε traβa 'lar ɔ: me 'kaño nas  
15 eʒ 'treλãʒ || a 'ʒera ke kor 'taβamos̃ 'eʒa 'ʒera ke ta a 'i no 'βĩña | eł aħa 'raβa por ãñ 'laðo  
ew 'polo 'owtro | me 'kaħõndios̃ | a ʒera pa 'ʒaβa o 'pino ε o 'pino de pe æ 'ĩnda nõñ kã 'ia  
|| era 'nõβa mi 'maðre | kor 'tabã ke aðoβe 'ʒiã || ε deħ 'poʒʒ tʃe 'haβamos̃ ɔ 'pino ε  
kor 'taβamos̃ 'owtro 'mãʒʒ || fã 'ʒiã 'dowʒ pun 'tales̃ ow tres̃ 'kaðã ãñ | eɾãñ ał 'tiʒimõħ  
pero ðeł 'haðos̃ 'porke 'taβãñ no 'meðjo dos̃ ε o | eʒeʒ deł 'haðos̃ 'erañ 'finos̃ no | ε kũñ  
20 'pino tra 'iaʒ tres̃ pun 'tales̃ | ε entre os̃ dowʒ trã 'iamos̃ seʒʒ ε nũñã ʒe 'manã kãre 'ʒamos̃  
os̃ pun 'tales̃ pa 'βãʒso pa 'kaʒã 'õnde ta o βi 'uðo 'oʒe || ti 'mira 'komo fa 'ʒiamos̃ nõs̃ || a  
'peðrã | ãñ βeʒ de mãn 'dar bir o kã 'mjõñ de 'peðrã | 'pola kãre 'terã a 'ðjãnte ke 'taβa a  
kãre 'terã no ðo po ãm 'pleo || 'tʃamãʒe o ãm 'pleo 'kãndo ʒe prepa 'row a kãre 'terã ke  
'taβã ðe mo 'riλos̃ || ]

#### Texto 5. Home 30 anos

[ nõʒ 'taβamos̃ prepa 'rãndo o kãte 'ʒiʒmo pa fa 'ʒer a komu 'njõñ | ε re 'ʒułta ke fuj ãñ dia  
'bĩndo ʒa 'limos̃ da i 'ħleʒia ðo kãteʒiʒmo | ε 'βĩñamos̃ de 'bõlta pa 'kaʒa | a i 'ħleʒia ta  
5 mãʒʒ ow 'menos̃ a ãñ ki 'lõmetro ε 'meðjo ða 'nõʒa 'kaʒa | 'õnde βi 'βimos̃ a mĩnã ir 'mãñ  
ε mãʒʒ ew | e re 'ʒułta ke 'bĩndo ãñ dia ðo kãte 'ʒiʒmo 'eramõʒ 'ʒĩñko ra 'pases̃ || 'era 'ũñã  
be 'ʒĩñã 'mĩña ke ʒe 'tʃama re 'βekã | ε dows̃ 'primos̃ se 'hũndos̃ mewʒ | 'βruno ε  
mano 'lĩño | mãʒʒ 'mĩña ir 'mãñ ε ew || re 'ʒułta ke 'βĩñamos̃ ãñ 'dãndo | ða 'kela 'iβamos̃

10     ān'dāndo ɔ kæte'ɟɪsɪmo | bɪ'ɲemos ān'dando pa 'kaɟæ sa de 'boltæ | ε na mi'ta ðo kæ'mɪɲo  
       ēɲkɔn'tramos ɲɲã'kaɟæ pe'kenæ ðe 'peðræ ke 'tɪɲa 'ɲɲã 'pɔrtæ ðe mæ'ðejra ε a 'pɔrta  
       'taβa 'toða 'poðre || pos fa'lāndo ða 'kaɟa | 'ðeɟtes 'primos mewɟ mano'lɪɲo ke 'era mæɟs  
       atraβe'ɟaðo ka ðios | o'ira fa'lar na 'kaɟæ a ɟows pajs ow a ɟow a'buelo a ɟow tio ke | ke  
       'kando o ɟeu βuelo 'era pe'keno βi'βira na'kela 'kaɟæ || a'kelæ 'kaɟæ 'fora ðo ɟew  
       abuelo || en'tonɟes nɔɟ | da'kela 'tɪɲamos 'mujta kuriosi'ða 'ɟiempre por ēn'trar naɟ  
 15     'kaɟæs aβāndo'naðæs ε a βer o ke a'βia 'dēntro ε taɪ || di'ɟemos nɔɟ | 'bamos ko'ler ɲɲæs  
       'peðræs | ti'ramos aka'bamos de ti'rar a pɔrta a'βæɟso | ēn'tramos a'ðēntro | ε mi'ramos  
       o ke aj 'dēntro | se 'kaðra a'inda æj 'kowɟæs ke 'βalēɲ | pa aproβej'tar pa ɟo'har ε 'toðo  
       'eso nɔɲ || bweno | poɟs kolemos ɲɲæs peðræs ε ēmpe'ɟamos a pe'ðraɟs koa 'pɔrta pa  
       ti'rala a'βæɟso || aβoj'amos a 'pɔrta ēn'tejra | fi'ɟemosle fu'raðos por 'toðos 'laðos ε a  
 20     'pɔrta nɔɲ 'daβa ka'idɔ || ε ēn'tonɟes ko'lemos 'ɲɲã 'peðra 'hrānde 'ēntre os dowɟ | mow  
       'primo mano'lɪɲo mæɟs ew ε 'kando 'i'bamos ti'rar/a a 'pɔrta | mān'damosle uɲ bata'kaɟo  
       na 'pɔrta || pe'how ɲɲ es'talo | ɲɲ estow'piðo krimi'nal ε os dowɟ mi'nutos 'tɪɲamos ɲɲ  
       'ome be'rāndo de'traɟ 'nɔɟa | o fa'moɟo fa'kundo ðe karān'toɲa | ke nɔɟ 'fiɟo ko'rer o  
       ke noɲ 'taβæ es'krito || 'porke o 'kaɪfo ka'βrɔɲ do mow 'primo nɔɲ o'ira beɲ o tema | ε  
 25     a'kela 'kaɟæ 'fora βēn'diða a fa'kūndo | ɟa nɔɲ 'era ðe ɟew a'buelo || ε re'ɟuɪta ke 'kāndo  
       ew mæɟs mano'lɪɲo ko'lemos a 'peðra pa ti'rar a 'pɔrta a'βæɟso | ēmpe'ɟamos a eskuɲ'tar  
       os 'beros do 'fondo | mi'ramos po'laðo ε re'ɟuɪta ke re'βekæ mæɟs βruno ɟa 'iβāɲ na  
       'kaɟæ de 'kriɟto ko'rēndo | mar'ʃarɔɲ ɟēɲ di'ɟir 'naðæ | ε ke'ðamos os tres mano'lɪɲo  
       'mɪɲæ ir'māɲ ε mæɟs ew || ɔ eskuɲ'tar os 'beros | ti'ramola ε ēmpe'ɟamos a ko'rer 'komo  
 30     'alma ke 'leβa o 'ðemo || ε 'mɪɲæ ir'māɲ | ke da'kela 'era a mæɟs pe'kena ðos 'ɟɪɲko ke  
       'taβamos a'li ke'dowɟe a'traɟ | ε fa'kūndo βɪɲa 'kūɲæ 'bara | 'ɲɲ 'bara ðe aɲu'ʌɔn 'desta  
       ðas 'bakæs | ε mān'dow a 'bara polo 'æjre ε ro'ɟowle na ka'puɪfa da ɟuða'ðera da 'mɪɲæ  
       ir'māɲ | ε 'mɪɲæ ir'māɲ ke 'era a mæɟs pe'kena de 'toðas | me 'falte ði'os ɟe nɔɲ pren'diw  
       || ɟu'biw 'ðuæs 'marʃas na kæ'rejra ε pa'sow por nɔɟ 'pero na 'lama || to'kaβanle os  
 35     ta'lɔɲ no'lɔmbo do 'meðo ke le'βaβa no'korpo | nɔɲ a'βiæ ðios ke a ko'lera || pare'ɟia  
       'ɲɲæ 'lebre ðo 'mōnte || 'ɟuroɪse ke na 'mɪɲæ 'βiða 'tānto ko'rɪɲ ||]

**Texto 6: Fonético**

a nos ũḡã veḡ 'bennoḡ ko'rendo de'traḡ 'noḡa o de æj 'komo le 'ʃamãḡ ɔ: o ða'la ða'riḡa  
| o ðo pi'ɔʃã | nɔ æj nɔ fa'kũndo || ti nõḡ te a'kordḡ 'deḡe 'kõnto || mi'ma || ke 'iḡamosḡ a  
karã'n'tõḡa a fa'ḡer a: 'komo ḡe 'ʃama | 'esto ke teḡ ke fa'ḡer 'kãndo faḡ a koḡfirma'ḡiõḡ  
5 | ε | 'iḡamosḡ fa'ḡer o kæte'ḡihmo || 'iḡamosḡ ɔ kæte'ḡihmo ewe ew re'ḡeka | kẽḡ 'era maḡ|  
'bruno mano'lĩḡo ε i'ḡa: || nɔ [...] 'pɛro a'i nɔ | a'i fuj ða kōḡfirma'ḡiõḡ ε ḡaḡri'eḡ ḡa nõḡ  
'taḡa | 'taḡamosḡ nɔḡ 'ḡoloḡ | ε 'ḡĩḡamosḡ pa 'kaḡa ε ěmpe'ḡamosḡle a ti'rar 'pɛdræḡ a a'kela  
ka'ḡĩḡa ke ta a'li ðe 'pɛðræ de'ḡæjḡo ðo ðe'ḡæjḡo ðo ka'naḡ | ε a'i 'ḡimosḡ bir a fa'kũndo  
mi'ma | ko'rẽndo 'komo ũḡ 'tɔro ðe mi'ura | ε noḡ mi'ma eḡka'pamos ko'rẽndo bum bum  
10 bum ε ko'remosḡ karã'n'tõḡa a'ḡæjḡo ε ew de'traḡ mi'ma | 'tuḡo a 'pũnto de ko'lerme eh  
|| ěmpe'ḡej a ko'ler kare'riḡa bum aḡjæ'n'tejnoḡ a 'toḡoḡ || kãndo me ðej kuẽnta ḡa ew  
taḡa eḡ kaḡana na kare'tera ḡene'raḡ ε os 'owtros 'toḡos trã'n'kilos ãn'dãndo ke ḡa nõḡ  
'ḡĩḡa eḡ || 'pɛro akoḡo'nejme ε: | nũḡka na 'mĩḡæ 'ḡiḡa 'tãnto ko'rĩḡ||]